Outro dos obxectivos marcados como prioritarios, é o de dar ao alumnado una ferramenta esquemática para o recoñecemento das formas clásicas básicas e as súas modificacións.

#### -Obxectivos non acadados



A escoita interna dos acordes e das fórmulas principais harmónicas, así como tocar esquemáticamente nun instrumento polifónico as fórmulas harmónicas máis características, son dous dos obxectivos non acadados totalmente, por falta de tempo. É preciso quizais programar obrigatoriamente sesións deste tipo.

Profesora Rosa M<sup>a</sup> Pena

-Obxectivos acadados

Para 4<sup>o</sup> curso GP: en termos xerais, acadáronse satisfactoriamente todos os obxectivos recollidos na programación, agás ós referidos ó emprego dun vocabulario axeitado e adecuado por parte do alumnado. Quizais ós contidos, que abrangueron ata as características xerais do Barroco, é a parte do repertorio que menos coñecen e o principio máis lle custa, dado que o descoñecemento xeral desta parte é bastante significativa.

Para 5<sup>o</sup> curso de G.P: en termos xerais, acadáronse, de xeito positivo, todos os obxectivos recollidos na programación. Un dos aspectos que máis lles costou dende principio de curso, é facer os comentarios das audicións, tentando destacar os parámetros musicais máis salientables. Sen embargo, no terceiro trimestre, a gran maioría do alumnado deste curso, foi capaz de afrontar esta actividade de xeito satisfactorio. Á diferencia de cuarto curso, contaban cun vocabulario “específico” un pouco máis amplo, dado que o ano anterior tiveron a asignatura de Historia da Música en 4<sup>o</sup> curso.

### 6.2.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

O funcionamento xeral do Centro é moi bon en numerosos aspectos: a organización dos horarios; a axeitada mestura entre a flexibilidade e a necesidade organizativa do cumprimento de horarios e obrigas e a total disponibilidad do equipo directivo na busca de solucións aos problemas. Neste aspecto é especialmente necesario agradecer a solución atopada para reasignar a aula de NNTT a un novo espazo con ventilación e luz natural para o curso 2019-20.



#### 6.2.4 **Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro**

Baixar, na medida do posible a ratio en Harmonía. 8 alumnos é unha ratio aceptable, 6 alumnos sería o ideal. Sabemos que é utópico pero sería o ideal.

En Historia da Música a ratio ideal serían 12 alumnos por aula na medida do posible.

Promover reunións conxuntas co departamento de linguaxe para a posta en común de estratexias de mellora.

Dispoñer dunha boa conexión de internet nas aulas C10 e C11

Ordenadores persoais para todas as aulas do departamento.

#### 6.2.5 **Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento**

A profesora Rosa M<sup>a</sup> Pena organizou unha saída co alumnado de Historia da Música, para asistir á representación do ballet “Quebranos” de P. I. Tchaikovskii, no teatro A Fundación de Vigo. Participaron un total de 25 persoas e a experiencia resultou especialmente interesante xa que para moitos dos participantes era a primeira vez que asistían a un espectáculo de ballet.



## 6.3 Departamento de Conxunto

### 6.3.1 Datos do alumnado

#### -Alumnado total do departamento

459 Alumnos

#### -Alumnado por materia

O alumnado está repartido nas diferentes materias e agrupacións pertencentes ao Departamento de Conxunto:

Conxuntos, Banda, Orquestra, Coro e Música de Cámara

### 6.3.2 Obxectivos do profesorado para o curso

Xose Luís Miguélez (Conxunto Música Tradicional)

-Facer que as/os alumnas/os entendan a música coma un aspecto fundamental da formación do individuo.

-Fomentar a musicalidade e creatividade das/os alumnas/os.

-Conseguir que o alumno acade un bo control do instrumento en xeral, coidando a posición e correspondencia da coordinación na interpretación da música.

-Aumentar memorización e imaxinación musical da/o alumna/o, así como a conexión entre o ouvido e o instrumento.

-Empregar puntualmente as diferentes escolas interpretativas, tendo en conta a evolución en distintos períodos da historia da música que concerne ás especialidades instrumentísticas, e especialmente as referidas á escritura rítmica e á ornamentación que deberá axustarse, cando proceda, ás obras a interpretar.

-Asegurar que o repertorio inclúa a mellor quenda de obras representativas das diversas épocas e estilos cunha dificultade acorde ao nivel.

-Practicar a lectura a primeira vista no instrumento



-Seleccionar o grao de dificultade das obras ou material de traballo a interpretar para tratar de conseguir o mellor resultado do labor de conxunto do alumnado conforme a colectividade desta disciplina no curso.

-Obxectivos acadados

Facer un seguimento do alumnado con baixo rendemento segundo as programacións en cada reunión de departamento. Elaboramos unha lista que foi enviada á CCP mensualmente.

Revisar e modificar as programacións de Banda, Orquestra, Coro, Conxunto de Corda, Gaita, Vento Metal e Vento Madeira.

-Oscar Rodríguez Calvo (Música de Cámara)

Os alumnos tiveron un bo seguimento durante o curso en canto ao traballo realizado e un axeitado rendimento, completando o 100% da programación establecida.

-Julia Estévez (Conxunto)

Interpretar tres obras de diferentes estilos e épocas para o conxunto de dificultade axeitada a este curso.

Cofecer as normas que esixe toda actuación en grupo e valorar a interpretación en conxunto como un aspecto fundamental da formación musical.

-Obxectivos non acadados

-Edita Schulman (Orquestra)

8 alumnos da orquestra teñen examen en setembro por diversas razóns.

-Oscar Rodríguez Calvo (Música de Cámara)

Só un estudante debido a estudos fora do conservatorio, tivo que presentarse ás probas de perda de avaliación continua con bos resultados.

-Julia Estévez (Conxunto)



Dominar o propio instrumento de acordo coas esixencias de cada obra, pois o esforzo de cada alumno/a en particular non foi igual no grupo, o que perxudicou o resultado final do mesmo.

-Milagros Fandiño (Coro)

Estudo dun maior número de obras durante o curso escolar. Isto pódese deber á miña recente incorporación ó centro, xa que non coñecía ó alumnado nin sabía as súas dificultades e aptitudes na asignatura de CORO.

### 6.3.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

O ambiente nas reunións do Departamento é moi positivo e constructivo. Hai moi-to interese por parte do profesorado por mellorar e poñer temas en común. Tamén é de destacar a súa gran colaboración para o bo funcionamento das audicións.

Con respecto aos espazos para o departamento nas semanas de audicións, comentar que estamos moi cómodos con esta organización e solicitamos mantelos para o curso próximo, especialmente aqueles que coinciden co horario lectivo de grupos numerosos.

-Elvira Rodríguez Pontevedra (Coro)

Boa organización e planificación. Bo ambiente de traballo e de compañeirismo na maioría dos casos. Moitas facilidades para que todo o profesorado poida realizar os seus proxectos particulares (audicións individuais, clases extraescolares, afeccións persoais, permisos, etc.). Sempre se ofrece ó profesorado flexibilidade e moitas facilidades á hora de confeccionar o horario (incluso ás veces en contra dos propios intereses do centro). Tamén se facilitou enormemente a elección de horas de garda.

Todo o equipo directivo está volcado no bo funcionamento do centro e en axudar ó profesorado no seu labor e iso é moi de agradecer.

-Alejandro Alonso (Música de cámara)



Coordinación do xefe de departamento de conxunto cos profesores membros do departamento.

-Ángel A. Montes Abalde (Banda):

A organización.

O esforzo por levar adiante as propostas do claustro.

-Oscar Rodríguez Calvo (Música de Cámara):

Boa planificación por parte da dirección do funcionamento do curso académico.

-Jose A. Campo (Música de Cámara)

Organización e ambiente de traballo. dous aspectos, que os dous membros deste departamento queremos destacar este ano especialmente por ser o último curso (de momento), e que consideramos favoreceron o poder desenvolver o noso traballo nas mellores condicións. Polo cal, damos as grazas ao claustro e ao equipo directivo.

-Julio Álvarez (Conxunto e M. Cámara)

A organización en xeral tanto deste Departamento como o Equipo Directivo do centro.

-Milagros Gómez Fandiño (Coro)

Organización dos espazos, actividades e concertos. Comunicación co profesorado.

-Nuria Campo (Conxunto)

Boa comunicación entre o profesorado.

Difusión da información.

-Xosé Luís Miguélez (Conxunto)

Boa comunicación co equipo directivo, moi boa organización do centro, colaboración entre departamentos e co equipo directivo para a organización de activida-



des, bo ambiente de traballo.

-Susana Blanco (Conxunto)

Boa organización das reunións do departamento de conxunto.

#### 6.3.4 **Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro**

-Ángel Montes (Banda)

Contar cunha dotación instrumental (especialmente pequena percusión) para cada unha das agrupacións.

Ter unha dotación económica anual para a adquisición de novo repertorio.

Ter a posibilidade de realizar ensaios seccionais coa axuda de profesores de apoio.

Dispoñer de apoio (profesorado e aulas) nas primeiras clases para poder facer probas de atril.

-Elvira Rodríguez Pontevedra (Profesora de Coro):

No meu aporte á memoria de Linguaxe Musical comentei varios aspectos que dende o meu punto de vista deberían mellorar, pero son aspectos que teñen que ver unicamente coa miña tarefa como profesora de linguaxe musical.

Con respecto á miña actividade como profesora de coro me gustaría facer unha suxerencia nun tema do que xa falei nalgunha memoria anterior pero que creo vale a pena recordar. Dado que a materia de coro ten unhas especificidades diferentes a todas as demais materias debería ter un aula axeitada para tal fin, pero xa que iso non é posible debería poder dispor da aula que normalmente utilizamos sen obstáculos polo medio que fan casi imposible a disposición axeitada e o control idóneo de todo o alumnado, penso que unha boa solución sería poder colocar todo o material (mobles, mesa, batería, estrado, etc.) na mesma zona do aula para poder dispor do resto do espazo libre.

Outro aspecto que se revisou este curso no departamento de conxunto a solicitu-



de miña é o da xestión das cadeiras na zona das aulas C16 e C17. Debido a que estas aulas se utilizan para moitas das clases colectivas curriculares e extraescolares teñen un número moi variable de alumnado en cada momento, oscilando entre un alumno e 59 da clase de coro II. Entre todo o profesorado que utiliza as dúas aulas decidimos organizalas de xeito que sempre permanezcan 20 cadeiras no espacio intermedio das dúas aulas para non ter que entrar e molestar ós profesores e alumnado mentres dan clase. A proposta funcionou bastante ben e confiamos en poder melloralo no próximo curso.

-Felipe González Agell (Música de Cámara):

Máis presuposto para a organización de actividades.

-Jose A. Campo (Música de Cámara)

O departamento de Canto, en base á experiencia obtida durante o curso 2018/2019, e aínda habendo cumprido cos obxectivos propostos, considera que os puntos abaixo sinalados, axudarían de forma notable a cumprir con máis eficacia os obxectivos do mesmo:

Manter a C9 como aula de traballo e dispor dun aula que reúna os requisitos ideais para o estudo do canto lírico, e da que actualmente non se dispón ( a B17 non os reúne). Estes requisitos serían:

tamaño e acústica que permitan facerse unha idea máis real dos problemas de proxección, articulación, dinámicas.... da voz

Illamento acústico que permita traballar cuns mínimos de concentración e que ademais non interfira no traballo das aulas próximas

Ventilación e iluminación que permitan traballar nas mellores condicións

Piano de cola que permita que a relación postural profesor-alumno ao longo do curso sexa a correcta.

Dispor de material audiovisual específico do aula ( cámara de vídeo, trípode e ordenador), que permita a gravación habitual e espontánea das clases, sen nece-



sidade de complicados quendas e solicitudes de material compartido con outros departamentos.

Un ano máis o departamento considera oportuno sinalar a importancia que para o bo desenvolvemento do mesmo tería a inclusión de música de cámara( repertorio vocal) en 1º e 2º curso de grao medio, e de poder manter a ratio dunha hora de cámara por alumno.

Tamén facilitaría a conclusión de obxectivos nos idiomas aplicados ao canto, a posibilidade de poder compartir un profesor pianista acompañante polo menos dúas horas á semana, para todos o idiomas.

Para rematar, o departamento de Canto considera que hai un problema serio de nomenclatura, ao denominar á materia de Repertorio Vocal: Música de Cámara. O cal pode xerar numerosas dúbidas e problemas de organización. Considerando que tamén sería moi oportuno, e a maiores, que existise unha verdadeira “música de cámara”, no currículo da especialidade.

O departamento de Canto considera importante a creación dunha materia optativa de Música antiga, que permita desenvolver no último curso do grao as habilidades estilísticas de este período, e así mesmo poder solicitar instrumentos orixinais para o centro

-Milagros Gómez Fandiño (Coro)

No tocante á asignatura de CORO sería desexable ter un espazo máis amplo onde poder facer as clases, xa que se trata dun grupo moi numeroso e é moi difícil poder facer un ensaio axeitado debido á falta de espazo físico. Sería perfecto ter un aula máis grande, luminosa, ben ventilada, con colchonetas, con espazo para facer exercicios de respiración no chan, con espellos para o alumnado e piano/teclado de fronte ós alumnos.

-Nuria Campo (Conxunto)

Intentar mellorar o control dos tempos nas audicións.



-Oscar Rodríguez (M. Cámara)

Propoño a creación na plataforma Centros-net, un espazo onde se pode rexistrar o que se fala nas tutoriais cos pais, deixando así un rexistro no centro como as notas de avaliación e envía citas aos pais.

-Xosé Luís Miguélez (Conxunto)

Como en cursos pasados creemos que a clase colectiva no grao elemental, sería moi beneficiosa e necesaria no desenvolvemento curricular da disciplina, polo cal sería moi adecuado que se incluíse no cadro horario do próximo curso, tanto en gaita como en acordeón.

O departamento, e en concreto acordeón, pide afinar o acordeón pequeno de bo-tóns Pignini. Asimesmo recomenda vender o acordeón de teclas pequeno, xa que non se lle da uso. Co diñeiro de ese acordeón poderíanse mercar máis partituras para a biblioteca ou outro acordeón de botóns un pouco máis grande, de cara a prestarllo momentaneamente a algúns alumnos que precisan facer o cambio de instrumento.

Co obxectivo de acadar unha mellor organización, o departamento solicita unha mellor distribución dos materiais (cadeiras e estantes), para axilizar os comezos nas clases nas aulas C16 e C17, nas franxas horarias de 19 a 22 os mércores e xoves. A aula de acordeón quédase moi pequena para as aulas de conxunto e colectivas, solicítase un espazo máis grande con piano.

-Susana Blanco (Conxunto)

Mellor xestión nos cronogramas das audicións. Calcular sempre mellor os tempos para que ningunha audición “pise” á seguinte.

### 6.3.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Concerto Banda Junior o 31 de xaneiro ás 20:30 no auditorio David Russell.

Concerto Banda Junior o 9 de maio ás 20:30 no auditorio David Russell.



Banda C: Concertos no auditorio do centro os días 13 de Febreiro y 8 de Maio de 2019.

Banda E: Concerto no auditorio do centro o día 9 de Maio de 2019 y gravación do vídeo “Bo verán” o día 16 de Maio para a despedida do curso e para a súa difusión nas redes sociais, baixo a dirección e coordinación de Antonio Rodríguez Iborra.

O alumnado de Coro II participou ó longo do curso en tres audicións.

-Xunto cos demais coros do centro e mais o coro “Miñooca ma non toppo” no concerto de nadal realizado na igrexa de Santo Antonio da Florida o día 19 de decembro.

-Conxuntamente co Coro I na audición de coro anual o día 24 de abril no auditorio do centro.

-Na actividade da semana da letras galegas de homenaxe á antiga profesora e directora do centro D<sup>a</sup> Josefa Estarque Vila.

O departamento de Canto colaborou, como é habitual, cunha audición de canción galega de compositores alumnos do centro, dentro da semana das Letras Galegas. Colaborando coa clase de RTA da profesora Gloria Rodríguez Gil, que supuxo o estreo absoluto de varias obras compostas pola súa alumnado, e que eles mesmos acompañaron.

Destacando e agradecendo o esforzo realizado nos anos anteriores polo departamento de pianistas acompañantes, e o equipo directivo, para poder satisfacer estas demandas.

Concerto de Nadal na igrexa de San Antonio da Florida, xunto co Coro Infantil, o Coro II e o Coro Miñooca ma non toppo. Día 19 de decembro de 2018, 20:15h.

Concerto final no Auditorio do centro, xunto co Coro Infantil e o Coro II. Día 24 de abril de 2019, 19:30h.

-Oscar Rodríguez (M. Cámara)



No departamento realizáronse un total de tres (3) audicións dentro do plan de audicións do curso, un por trimestre. En xeral os alumnos/as desta especialidade participaron en dúas das tres audicións propostas polo conservatorio, sendo a terceira e última intercambiada por actividades extraescolares propostas polo centro e polo profesor.

Celebración dunha audición de aula de grao profesional de gaita e conxunto na semana anterior á audición do auditorio.

As/os alumnas/os de acordeón e conxunto participaron tamén en sete audicións ao longo do curso. Tamén fixeron un mural sobre Alexander Sebastian (conmemorando a súa morte) exposto na porta da aula de acordeón

Organición de un taller de fisioterapia e conferencia coa clínica Okos de Vigo.

Os grupos de conxunto de gaita participaron, na Semana das Letras Galegas (homenaxe a Henrique Otero e Josefa Estarque) nos Concertos en familia e no concerto de Nadal.

Participación no festival internacional de Alcobaça, Portugal, na especialidade de acordeón.

Concerto no auditorio do Concello dos grupo de Conxunto de corda.



## 6.4 Departamento de Corda

### 6.4.1 Datos do alumnado

#### -Alumnado total do departamento

141 alumnos

#### -Alumnado por materia

Violín 82

Viola 16. Una baixa en xaneiro

Violoncello: 29 alumnos

Contrabaixo: 14 alumnos

### 6.4.2 Obxectivos do profesorado para o curso

#### -Obxectivos acadados

Leonardo Blanco (violín)

En liñas xerais, acadáronse os obxectivos en boa parte das alumnas matriculadas, exceptuando varios casos no Grao Profesional, que están pendentes de examinarse en setembro. Durante o curso, realizáronse audicións en decembro, marzo e xuño.

José Manuel Fernández (violín)

Os meus alumnos de violín realizaron en xeral un curso satisfactorio e tamén excelente nalgúns casos.

Marcos Escobar (violín)

Os da programación na maioría dos casos, salvo en 1, Xoana Pérez de 5º GP que non acadou todos os obxectivos necesarios.

Mykolas Pocius (violín)



Os que figuran na programación

Edita Shulman Violín)

Según a programación

Belén Ferreiro (viola)

Todos

Oscar Rodríguez (contrabaixo)

Os expostos na programación

Os alumnos de G.E e G.P tiveron un bo seguimento durante o curso en canto ao traballo realizado e un axeitado rendemento, completando en su totalidade o 100% da programación establecida salvo en algúns casos.

Isabel Figueroa (cello)

En xeral, todos os reflectidos na programación co alumnado que asiste a clase.

O alumno de 6ºGP Jorge Suárez Cerdeira non estivo durante todo o ano por cursar simultaneamente os estudos superiores de violoncello na Universidade Alfonso X El Sabio en Madrid. Fixo todas as probas de avaliación ordinaria en xuño, superándoas con boas cualificacións, acadando a cualificación media que o validan como candidato a Premio de Fin de GP. No momento da elaboración desta memoria aínda non tivo lugar o seu recital de Premio.

Por outra banda, quero destacar o satisfeita que estou do grupo de alumnas que tiveron este curso, porque en xeral están traballando moitísimo (o que se reflicte nas súas cualificacións), están moi motivadas, e ademáis están desenvolvendo un espírito de grupo (sobre todo as de primeiros cursos de GP) o que creo que, á larga, vai ser moi beneficioso para a clase de cello e para o centro.

Susana Blanco (cello)

Acadáronse tódolos obxectivos previstos.



Fernando Arenas (XD cello)

En xeral, todos os da programación cos alumnos que viñeran a clase, excepto cun alumno que non chegou os mínimos.

### **-Obxectivos non acadados**

Leonardo Blanco (violín)

En certos casos, non se puido completar o traballo previsto, debido a diferentes causas. Fundamentalmente, o baixo nivel e a compatibilidade de estudos, tivo unha notable influencia nesta cuestión. Para paliar estas situacións, púxose en marcha un plan de traballo alternativo.

José Manuel Fernández (violín)

Unha alumna nova na miña clase de 1GP procedente da proba de acceso a este curso, en decembro deixou Linguaxe Musical e Orquestra e xa desde mediados de marzo non veu máis a violín.

A alumna que o curso pasado suspendeu en 2GE a mellorado algo en 3GE pero vai acceder a 4GE con moi baixo nivel en violín.

Marcos Escobar (violín)

Xoana Pérez, 5º GP non acadou os obxectivos necesarios ao non poder facer todo o programa necesario para aprobar o 5º curso en Xuño.

Mykolas Pocius (violín)

Ningún

Edita Shulman Violín)

Una alumna de 4ºGE ten suspenso en todas as asignaturas

Belén Ferreiro (viola)

Ningún

Oscar Rodríguez (contrabaixo)



Só un alumno de 3GE non completou os obxectivos do terceiro trimestre, ob-  
tendo catro na clasificación final.

Isabel Figueroa (cello)

Co seguinte alumnado:

-Marta Pastoriza Barreiro, 4ºGP, que está a cursar un ano académico en EEUU.  
Esta alumna é moi traballadora e acada moi boas cualificacións, polo que pode  
resultar chocante as cualificacións deste curso. Polo demáis, estamos pendentes  
dos resultados das probas extraordinarias de setembro.

-Claudia Carvajal Aguado, 2º GP, que por rendemento insuficiente, non acadou  
os obxectivos mínimos para este curso na convocatoria de xuño.

Susana Blanco (cello)

Non se contemplan

Fernando Arenas (XD cello)

Un alumno de 3º GE non chegou os mínimos programados. Por outra banda  
unha alumna de 4º GE non asistiu a clase durante todo o curso, así como non  
presentouse a proba alternativa por perda da avaliación.

#### **6.4.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro**

Leonardo Blanco (violín)

Bo funcionamento do departamento de corda e traballo eficiente da miña pianista  
acompañante.

José Manuel Fernández (violín)

A organización e planificación das actividades.

Marcos Escobar (violín)

Moi boa organización e anticipación dos problemas, e moi boa actitude do equipo  
directivo coas necesidades docentro e dos profesores.



Belén Ferreiro (viola)

A anticipación coa que se organiza todo

Oscar Rodríguez (contrabaixo)

Boa planificación por parte da dirección do funcionamento do curso académico.

Isabel Figueroa (cello)

Boa organización e fluidez nos procesos de avaliación trimestral e final

Boa organización no proceso de seguimento do alumnado

Eficacia nos procesos de mantemento e reparación do material do centro.

Susana Blanco (cello)

Boa comunicación a través da App. Bo funcionamento das gardas. Boa oferta de concertos e outras actividades.

Fernando Arenas (XD cello)

En xeral a boa organización do centro e a boa planificación das actividades.

#### **6.4.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro**

Leonardo Blanco (violín)

Creo que sería importante adxudicar boa parte dos grupos de cámara con corda ao departamento, xa que sería moi beneficioso pedagóxicamente.

Considero moi importante a posta en marcha da orquestra infantil do centro, iniciativa dos profesores de corda, xa aprobada polo departamento, como unha actividade estratéxica para fomentar o práctica en conxunto dende a primeira etapa dos estudos musicais.

José Manuel Fernández (violín)

Na miña opinión a dirección do centro debe xestionar que haxan polo menos



dous profesores de viola a tempo completo. É incomprendible que non se entenda que si se quere chegar ter unha ou dúas orquestras en toda regra, isto é imprescindible. Entendo que é un instrumento discriminado no noso centro.

Conviría reflexionar con tranquilidade e en aras de atopar un mellor equilibrio nas normas dos profesores pianistas acompañantes. Entendendo , que aínda que son moi necesarias, creo que deben ter tamén contemplar a lóxica e flexibilidade cando a obras de acompañamento son sinxelas, ó formen parte do repertorio habitual. Esta flexibilidade é necesaria sobre todo cando se trata de alumnos dos cursos iniciais de grado elemental

Propoño que se desenvolva un plan de que os nosos propios alumnos sexan activos promotores do interese polo estudo dos instrumentos e da música en xeral.

Si involucrámonos no noso departamento e faio o centro como institución, poderíamos chegar a través dos nosos alumnos ás aulas de moitos colexios de Vigo É inconcibible que nunha cidade de máis de 280 mil habitantes, ás probas de acceso a 1GE de violín para o curso 2018 2019 presentáronse 18 aspirantes. Disporíanse 10 prazas .

Marcos Escobar (violín)

Necesidade dun profesor máis de viola no centro, tema que depende da Xunta e que nos afecta directamente á hora de facer horarios e grupos de cámara e nas orquestras.

Edita Shulman Violín)

As reflectidas polo xefe do departamento.

Belén Ferreiro (viola)

As reflectidas polo xefe do departamento.

Oscar Rodríguez (contrabaixo)

1-) Propoño retomar as audicións de G.E:



(Xa que é difícil de organizar sen afectar as clase grupais), que non se fagan audicións por departamento como G.P se non por curso académico, mesturando o diferentes instrumentos xa que pode ser máis divertido e interesante para os estudantes de GE.

2-) Propoño dado o bo resultado pedagóxico que para os cursos elementais en no caso do tema de contrabaixo, seguir con as clases de colectiva sobre todo nos cursos de 2GE, 3GE e 4GE.

3-) Propoño na creacións de unha orquestra de corda co alumnos de 2GE,3GE o 4GE e con esta idea, garantir o desenvolvemento e o bo funcionamento do alumnado de corda friccionada na orquestra de cara ao grado profesional.

4-) Debido ao uso constante do material da clase (instrumentos, arcos, etc) , necesítase un kit de mantemento de instrumento pra contrabaixo e a reparacións, (encerdar) , de dous arcos na clase modelo alemán e a compra de un arco francés  $\frac{3}{4}$  pra o uso na clase, reparación dun forro de contrabajo por roturas debido ao seu uso constante (préstamo), e unha resina marca NYMAN.

5-) Propoño a creación na plataforma Centros-net, un espazo onde se pode rexistrar o que se fala nas tutoriais cos pais, deixando así un rexistro no centro como as notas de avaliación e envía citas aos pais.

6-) Propoño a recuperación dos días de portas abertas que se fixeron antes, creo que é moito máis eficaz que as que se fan últimamente.

Isabel Figueroa (cello)

Necesitamos máis material para as clases como correas para o chan, máis métodos e partituras, cordas para os violoncellos.

Ademáis, en relación ás sillas cortadas (que usa o alumnado de GE) estivesen etiquetadas para que se saiba a qué aula pertencen e evitar o problema que ocorreu nunha das últimas audicións, na que as alumnas tiveron que tocar con outras sillas (incómodas para elas) porque a da aula desapareceu (e a día de



hoxe non sabemos onde está). Entendo que isto pasará tamén noutras especialidades nas que pode facer falta sillas pequenas, e que puntualmente haxa que movelas de sitio, por iso propoño etiquetalas dalgún xeito para que volvan a aula correspondente.

Por outra banda, tamén agradecería a afinación máis frecuente do piano da aula A1.

Por último, solicito revisar o procedemento de empréstito dos instrumentos e valorar algún sistema que permita que os violoncellos pequenos do centro se podan emprestar, de forma regulada e controlada) ao alumnado en caso de reparación do seu, encerdado do arco ou cambio de tamaño de instrumento. Entendo os problemas que pode traer o tema dos seguros, pero a día de hoxe, cando un alumno leva o instrumento ao luthier, depende de que este lle empreste outro instrumento, ou ten que vir a estudar ó conservatorio, o que non sempre é posible. Deste xeito se lle daría un servizo ao alumnado nesta situación e os instrumentos do centro estarían en uso e por tanto non quedarían xordos.

Susana Blanco (cello)

É preciso contemplar un maior orzamento para o mantemento do material do departamento de corda. De pouco serve ter material que non pode ser utilizado xa que se atopa en pésimas condicións: arcos sen encerdar ou con cerdas moi vellas, cordas que case non soan... Debería existir unha partida orzamental para poder acometer no inicio de cada curso un mantemento mínimo do material existente e ou reposición do mesmo se fose preciso.

Con respecto ás audicións é preciso distribuir mellor os ocos xa que en ocasións non coinciden nin cos horarios do alumnado nin co do profesorado de piano acompañante. Por outra banda, por parte do profesorado responsable da audición é importante facer un bo control do tempo cunha previa contabilidade do repertorio a interpretar para que ningunha audición pise a outra.

Fernando Arenas (XD cello)



A nivel departamental:

Creación dunha orquesta de grao elemental, con horario de venres a determinar, en grupos de clases colectivas as cales serían reservadas ao principio do curso.

Seguir mantendo un orzamento anual para o mantemento dos instrumentos do departamento, así como o encerado dos arcos, a substitución de cordas, etc. O departamento de cordas ten asinado nove ou dez instrumentos normalmente usados polos profesores.

Os profesores do departamento esixen a necesidade, na medida do posible, de ensinar clases de música de cámara aos grupos de alumnos de corda, sempre que teñan horas dispoñibles.

Tamén sería interesante, na medida do posible, incorporar un segundo profesor de viola para promover o ensino desta materia.

#### **6.4.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento**

Marcos Escobar (violín)

No meu caso se fixeron as seguintes audicións no curso, ademáis das programadas nas semanas de audicións:

Audición de aula para escalas e estudos na C9 o xoves 13 de Decembro de 7 a 10

Audición en Febreiro o día 12 no auditorio

Audición en Maio o día 2, no auditorio, o día 16 na C16 3 horas, o día 21 no auditorio, e o día 23 na C16 outras 3 horas

Belén Ferreiro (viola)

Audicións de viola: 20 decembro, 18 marzo, 22 maio e 27 de maio.

Audición técnica de viola: 25 de xaneiro

Oscar Rodríguez (contrabaixo)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL  
Conservatorio Profesional de Música de Vigo



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo  
*O FSE inviste no teu futuro*

cmus **Vigo**  
Conservatorio Profesional de Música

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n  
36209 Vigo  
Tfno: 986213395 Fax: 986206131  
[cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es](mailto:cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es)

No departamento e particularmente na especialidade do contrabaixo realizáronse un total de tres (3) audicións, dentro do plan de audicións do curso 2018-19, un por trimestre. En xeral todo os alumnos de esta especialidade participaron nas audicións do conservatorio, así como algúns actividades extraescolares propostas polo centro onde participaron algúns deles.



## 6.5 Departamento de Corda Pulsada

### 6.5.1 Datos do alumnado

#### -Alumnado total do departamento

44 alumnos

#### -Alumnado por materia

Guitarra: 44

Conxunto: 11

R.T.A.: 4

### 6.5.2 Obxectivos do profesorado para o curso

O obxectivo principal do departamento para o curso é, como cada ano, ofertar un ensino de calidade ós nosos alumnos a través do seguimento da programación e das distintas accións levadas a cabo na aula. Ademais dos aspectos meramente técnicos que conduzan aos alumnos a desenvolver as destrezas necesarias para tocar un instrumento, queremos que aprendan tamén a importancia da constancia no seu traballo e adquiren hábitos de estudo diario como base imprescindible para a súa evolución no instrumento, así como reforzar a práctica de tocar en público facendo que se afronten a esta situación o maior número de veces posible durante o curso. Esta práctica verase especialmente reforzada nos últimos cursos de grao profesional.

Seguimos a realizar as audicións na aula ó final de cada trimestre. Con estas audicións queremos que os alumnos reforcen a interpretación en público e que os profesores teñamos unha visión máis completa de todo o alumnado do departamento.



#### 6.5.2.1 -Obxectivos acadados

Tendo en conta o carácter xeral dos obxectivos que se trazan para os graos elemental e medio consideramos que estes se lograron dunha maneira aceptable.

#### 6.5.2.2 -Obxectivos non acadados

Ningún.

#### 6.5.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

A organización do centro en xeral: Calendarios de principio e fin de curso, audiencias , actividades...etc.

#### 6.5.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Gustaríanos ter Wifi nas aulas de guitarra, o sinal que chega non é suficiente e cando queremos utilizar internet para as clases temos que facelo cos nosos datos.

Este ano falamos coa secretaria da posibilidade de barnizar a guitarra da aula C1. Intentei porme en contacto co luthier pero non contestou ó mail que lle mandei solicitando un presuposto por o que queda pendiente para outro curso.

Observamos que, en xeral, ós alumnos de primeiro que teñen 7 ou 8 anos cando empeza o curso lles costa seguir unha hora de clase. Cánsanse ensinada e non aguantan moito tempo concentrados. Pos iso pensamos que, se podemos, o ano que ven imos intentar organizar clases de dous alumnos da seguinte maneira: cada alumno elixe o seu horario e despois vemos se poden vir xuntos ás dúas clases, é dicir, veñen á súa e á do compañeiro. Para isto temos que contar coa colaboración dos pais, así que xa veremos. Isto xa o fixemos fai bastantes anos neste centro e funcionou moi ben porque ademais do eido académico reforzaba moito a súa interacción con outros alumnos de guitarra, aspecto que nos parece moi importante e motivador para eles.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL  
Conservatorio Profesional de Música de Vigo



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Social Europeo  
*O FSE inviste no teu futuro*

cmus **Vigo**  
Conservatorio Profesional de Música

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n  
36209 Vigo  
Tfno: 986213395 Fax: 986206131  
[cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es](mailto:cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es)

### 6.5.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Neste curso realizamos seis audicións de alumnos, tres de GE e tres de GP dentro das semanas de audicións que trimestralmente se organizan no centro.

Realizamos tres audicións de aula, unha por trimestre, nas que participou todo o alumnado.

Os alumnos participaron tamén en varios dos concertos que organizou o equipo de actividades: Auditorio do Concello e concerto de Nadal .



## 6.6 Departamento de Linguaxe Musical

### 6.6.1 Datos do alumnado

#### -Alumnado total do departamento

O alumnado deste departamento distribúese do seguinte xeito: 304 alumnos de Linguaxe Musical, 167 alumnos de Educación Vocal e Auditiva, 24 alumnos de RTA, 4 alumnos de RTA Bilingüe, 6 alumnos de Piano Complementario, 14 alumnos de It. Pedagogía e 14 alumnos da Optativa Música Moderna.

#### -Alumnado por materia

#### Linguaxe Musical

##### Carmen Álvarez Varela:

4ºGE: 29 alumnos - 2 renuncias. 26 resultaron aprobados e 1 suspenso.

##### Begoña Coello Mo:

2º Curso G.E. : 47 Alumnos. Aprobados: 43. Suspensos: 4

3º Curso G.E.: 17 Alumnos. Aprobados: 13. Suspensos: 4

Total de alumnos: 64.

##### Renata Gago Romero:

3º GE: 8 alumnos.

1º GP: 12+9+7 = 28 alumnos. (1 Perda Avaliación Continua)

2º GP: 8+13 = 21 alumnos. (1 suspenso, 3 Perdas Avaliación Continua)

Total de alumnos: 57

##### Rosa Mª Gayoso Vázquez:

Materia	Alumnos	Aprobados	Suspensos/NP
LM 4ºGE	15	12	2/1



Milagros Gómez Fandiño:

1ºGE: 22 alumnos (20 aprobados, 2 suspensos). 1 Ampliación a 2ºGE.

Gloria Rodríguez Gil:

2ºGE: 12 alumnos. Todos/as superaron as materias ademais con boas notas.

3ºGE: 26 alumnos. Todos/as superaron a materia excepto un alumno que renunciou no segundo trimestre, e unha alumna que non superou a materia.

Elvira Rodríguez Pontevedra:

2ºGP: 52 alumnos.

Diego Rodríguez Vieites:

79 alumnos: 73 aprobados, 6 suspensos. 1 renuncia.

Mª Isabel Villaverde Abal:

1ºGP: 14 alumnos. Todos aprobados, un alumno con perda de avaliación continua pero superou a proba de PAC.

**Educación Auditiva e Vocal**

Carmen Álvarez Varela:

4ºGE: 29 alumnos - 2 renunciadas. 26 resultaron aprobados e 1 suspenso.

Begoña Coello Mo:

2º Curso GE: 47 alumnos. Aprobados: 44. Suspensos: 3.

3º Curso GE: 17 alumnos. Aprobados 14. Suspensos: 3.

Total de alumnos: 64.

Renata Gago Romero:

3º GE: 8 alumnos.



Rosa M<sup>a</sup> Gayoso Vázquez:

Materia	Alumnos	Aprobados	Suspensos/NP
EAV 4ºGE	14	9	4/1

Milagros Gómez Fandiño:

1ºGE: 22 alumnos (20 aprobados, 2 suspensos). 1 Ampliación a 2ºGE.

Gloria Rodríguez Gil:

2ºGE: 12 alumnos. Todos/as superaron a materia, ademais con boas notas.

3ºGE: 26 alumnos. Todos/as superaron a materia.

Diego Rodríguez Vieites:

58 alumnos: 54 aprobados, 4 suspensos. 1 renuncia.

**RTA**

Rosa M<sup>a</sup> Gayoso Vázquez:

RTA Bilingüe	Alumnos	Aprobados	Suspensos/renuncia
5º	3	3	0
6º	1	1	0

Gloria Rodríguez Gil:

10 alumnas/os: 4 de 4ºGP, 5 de 5ºGP e 1 de 6ºGP.

Todos/as superaron a materia excepto unha alumna que nunca asistiu a clase (4º Grao Profesional) e outra alumna que deixou de asistir a clase no segundo trimestre (6º de Grao Profesional). Ambas alumnas tiveron perda de avaliación contínua e non se presentaron ao exame convocado; dos/as 8 restantes, 2 alumnos/as de 4º e 2 alumnos/as de 5º superaron a materia con 10 e foron propostos para matrícula de honra.

Elvira Rodríguez Pontevedra:



9 alumnos.

M<sup>a</sup> Isabel Villaverde Abal:

1 alumno de 4<sup>o</sup> GP (perda avaliación continua)

2 alumnos de 5<sup>o</sup> GP

2 alumnos de 6<sup>o</sup> GP

### **Piano Complementario**

Renata Gago Romero:

6 alumnos. 2 Perdas de avaliación continua. 2 Suspensos.

### **Itinerario Pedagogía:**

Elvira Rodríguez Pontevedra:

14 alumnos.

### **Optativa Música Moderna:**

Elvira Rodríguez Pontevedra:

14 alumnos.

## **6.6.2 Obxectivos do profesorado para o curso**

### **-Obxectivos acadados**

Carmen Álvarez Varela:

En xeral alcanzáronse os obxetivos da programación.

Begoña Coello Mo:

Todos según a programación.

Renata Gago Romero:

Linguaxe Musical: en xeral todos os grupos acadaron os obxetivos recollidos na



programación, exceptuando os suspensos, os casos de perda de avaliación continua e o baixo rendemento dos grupos 3<sup>o</sup>C de GE e 2<sup>o</sup>E de GP.

Piano Complementario: dedicamos o último trimestre a realización de estruturas harmónicas en diferentes niveis de enlace, a aplicación de patróns de acompañamento, a iniciación na lectura e interpretación do cifrado americano, a lectura a 1<sup>a</sup> vista, transporte, e aplicación de acompañamentos a melodías sinxelas.

### Rosa M<sup>a</sup> Gayoso Vázquez:

O nivel de cumprimento foi moi diferente nos dous grupos.

No grupo de 4<sup>o</sup>A aínda que cinco matriculados, tiveron tres alumnos presenciáis, cadanseu con necesidades especiais.

En permanente comunicación coas familias dos rapaces, e sendo posible acceder ós resultados de probas diagnósticas específicas, así coma mediante varias tutorías, desenvolvín unha serie de estratexias e adaptacións en canto ós procedementos tanto de organización das clases coma de avaliación das materias.

O uso e distribución do tempo das sesións moduleino co emprego de pictogramas ó comenzo das clases, alternando con moita frecuencia pequenos espazos de tarefas libres ou pactadas previamente entre exercicios. Valoro como moi bos os resultados. Así mesmo a utilización de exercicios de creación musical tanto individuáis coma colectivos potenciaba o traballo en grupo e facilitaba a expresión propia e persoal de cada un.

Adicamos un tempinho ó inicio das sesións para centrarnos en cómo estamos e o que nos preocupa, introducindo un espazo no que poder expresarse e axudarse mutuamente. Os alumnos o valoraron moi positivamente e para min foi de grande axuda no coñecemento das características de cada un deles. Neste senso utilizamos como eixo vertebrador de todas as clases o mito da “Stultifera navis” ou “nave dos tolos”, traballando dende distintos puntos de vista a idea de que todos somos diferentes e valiosos nas nosas diferencias. Este traballo materializouse na estrea dalgunha das pezas que compuxeron na clase nunha audición que



titulamos “Concerto no Ovo”, conxuntamente cos compañeiros de 4ºB e os alumnos de Grao profesional de RTA, que coído foi moi motivadora para eles.

Introducimos actividades que implicaban os instrumentos propios que traían a clases de cando en vez para tocar as pezas que escribían. Trimestralmente acudimos ás audicións de Luís a proposta do seu profesor de instrumento( co que mantiven unha moi estreita colaboración). Esta actividade, fomentaban unha escoita activa e unha análise posterior na clase que resultou beneficiosa para todos, pondo en xogo a revisión de conceptos como a crítica constructiva e a relación da linguaxe musical coa práctica instrumental, resultando unha ferramenta de motivación importante para todos nos.

No caso de 4ºB o cumprimento da programación foi axeitado e aínda que non resultaba necesario facelo, sí descubrín que o uso dos pictogramas para a organización do traballo daba moi bó resultado, chegando á conclusión de que as medidas adoptadas para o alumnado con necesidades especiais son moi ben acollidas e traen bos resultados con todo o alumnado en xeral.

Neste grupo tiven a Diana, alumna con discapacidade visual, que me plantexou pequenas adaptacións tanto dos espazos da aula como a preparación dun pupitre dobre para poder abrir o libro de lectura, dado o tamaño moito maior ca os outros nenos, e ter ó seu carón unha mesa coa máquina Perkins para facer dictado e teoría. Tamen fixen axustes nos tempos de preparación de lectura a primeira vista, dándolle a ela o dobre de tempo dadas as dificultades que plantea a decodificación da linguaxe musical en Braille. Así mesmo o requerimento de fluidez na lectura foi máis laxo que cos outros alumnos, mentres que nos ditados amosou unha rapidez moito maior que o alumnado vidente. No meu punto de vista a adaptación de Diana á clase e da clase a Diana foi total e moi beneficiosa para todas as partes, “xogando a ser Diana” en numerosas ocasións e descubrindo cousas como que pechando os ollos escoitamos e memorizamos a música moito mellor.



En permanente contacto coa asesora da ONCE e o Director do Centro de Recursos da Once de Pontevedra quero agradecer toda a colaboración e axuda que me prestaron en todo momento. Tanto pra transcribir material das clases como pra facelo no caso das probas de acceso .

Con respecto á RTA, En liñas xerais axeitado e cunha incidencia no traballo creativo ligado ós procesos persoais importante. Todos os alumnos de RTA cursaron a modalidade bilingüe con bos resultados no tocante a entender o idioma e podendo levar a cabo as clases íntegramente en inglés con fluidez e naturalidade, aínda que os resultados son mellorables no aspecto conversacional deles.

Milagros Gómez Fandiño:

Todos os alumnos cumpriron os obxectivos os recollidos na programación, salvo caso excepcional.

Gloria Rodríguez Gil:

Todos os recollidos nas diferentes programacións.

Elvira Rodríguez Pontevedra:

No caso do alumnado aprobado se conseguiron bastantes dos aspectos contemplados nos obxectivos do curso, pero non todos, porque o libro de texto e os coñecementos previos do alumnado non resultaron axeitados para alcanzar ese fin. Cito a continuación os obxectivos alcanzados, en cursiva os non conseguidos): Entoar melodías tonais en calquera tonalidade, incluíndo os catro tipos de escalas, cos intervalos de 2ª, 3ª, 6ª e 7ª (Maior e Menor), e os de 4ª, 5ª e 8ª Xusta, Aumentada e Diminuída con posibles modulacións ós tons veciños.

Entoar melodías baseadas nos modos medievais e nos da música popular, así coma nalgunhas escalas exóticas: pentatónicas, exátona, etc.

Entoar intervalos de 2ª, 3ª, 6ª e 7ª Maiores e Menores e os de 4ª, 5ª e 8ª Xustos, Aumentados e Diminuídos, fora do contexto tonal, e aplicados a obras post-tonais e atonais.



Entoar melodías tonais transportando a calquera tonalidade.

Cantar a 2, 3 e 4 voces iguais ou mixtas con expresividade musical, correcta afinación, fraseo, emisión adecuada da voz, respiración e posición corporal axeitadas, experimentando a afectividade da música e compartíndoa co grupo.

Ler con axilidade fragmentos escritos:

En clave de sol coas fórmulas rítmicas e compases traballados.

Ler horizontalmente fragmentos sinxelos en tódalas claves.

Ler horizontal e verticalmente fragmentos en clave de sol e de fa en 4ª.

Ler verticalmente fragmentos a 4 voces nas claves tradicionais.

Interpretar correctamente os signos gráficos convencionais e coñecer os propios da linguaxe contemporánea.

Obtela disociación motriz necesaria para entender e realizar as melodías e ritmos simultáneos que se traballan no curso.

Recoñecer auditivamente i escribir fragmentos musicais similares ós do apartado A) utilizando diferentes instrumentos (os propios dos alumnos-as):

A unha voz.

A dúas voces con baixos nos que figuren os acordes de calquera grao da escala.

Intervalos citados no apartado C). Estructuras harmónicas.

Coñecer os elementos característicos dos estilos musicais dos séculos XIX e XX para poder situar as obras musicais dentro do seu tempo e interpretalas correctamente.

Experimentar creando melodías, ritmos, cancións, etc.

Diego Rodríguez Vieites:

A maior parte do alumnado acadou os obxectivos marcados na programación didáctica das asignaturas impartidas. Cómpre salientar a adquisición de novos



coñecementos teóricos, a mellora nas habilidades rítmicas e de entoación e a mellora nas destrezas auditivas dos alumnos.

M<sup>a</sup> Isabel Villaverde Abal:

En xeral, en Linguaxe Musical, acadáronse todos os obxectivos da programación, varios alumnos de forma destacada e un superando apenas os mínimos esixibles.

Os alumnos de RTA, de 5<sup>o</sup> e 6<sup>o</sup> acadaron os obxectivos da programación. En xeral traballaron bastante os exercicios na casa cun gran traballo no apartado de actividades creativas, de composición e improvisación.

**-Obxectivos non acadados**

Carmen Álvarez Varela:

Ademáis da alumna suspensa que presenta problemas a nivel teórico, auditivo e rítmico, outros tres alumnos presentan todavía problemas de concentración e memorización que lles dificultan a elaboración dos ditados melódico rítmicos.

Begoña Coello Mo:

Ningún.

Renata Gago Romero:

Linguaxe Musical: resaltar e deixar constancia da falta de traballo e interese pola maior parte dos alumnos do grupo de 3<sup>o</sup> de GE que advirto terán dificultades importantes no 4<sup>o</sup> curso.

Piano Complementario: os resultados foron positivos, mais non conseguiron a total interiorización dos contidos pola falta de traballo por parte dalgún alumno e polo pouco tempo que tivemos neste último trimestre para o seu desenvolvemento.

Milagros Gómez Fandiño:

Conseguir que todo o alumnado adquise unha rutina de estudo diario, xa que



eran alumnos de 1ºGE. Salvo algúns casos de alumnos brillantes, a gran maioría non teñen rutina de estudo polo que o aproveitamento das clases é inferior do que podería ter sido. Amais, parte de este alumnado de 1º ten un carácter disruptivo que ralentiza a marcha da clase, algo que me sucedeu por primeira vez neste curso.

#### Elvira Rodríguez Pontevedra:

Ademais do xa mencionado no parágrafo anterior de obxectivos acadados (o non acadado, en cursiva), o ter que traballar este curso só con alumnado de 2º de Grao Profesional puiden comprobar diferentes problemáticas, no alumnado que non puido finalmente superar o curso:

Principalmente o maior problema foi o relacionado cos contidos auditivos pois o nivel do alumnado era, en moitos casos, realmente moi baixo. Carecendo este alumnado das ferramentas máis elementais para poder realizar un traballo mínimo axeitado ó curso.

Tamén detectei bastante descoñecemento e desorganización nos contidos teóricos asimilados polo alumnado, o que provocou que algún alumno tivese unha avaliación negativa por culpa deste apartado.

#### Diego Rodríguez Vieites:

Non se puido rematar a parte final dos libros de texto empregados e algúns alumnos non acadaron algúns dos obxectivos marcados na programación didáctica das asignaturas impartidas.

#### Mª Isabel Villaverde Abal:

Destacar as dificultades de mellora nas actividades auditivas por parte de algúns alumnos de Linguaxe Musical. Nestes casos, tratouse rebaixar o nivel de ansiedade e recomendáronse distintos tipos de exercicios adicionais para traballar en casa, pero poucos os levaron a cabo. No caso dos nenos, tres deles presentaron dificultades vocais derivadas da muda da voz. Un foi a reforzo durante varias



semanas.

No caso de RTA, só un dos alumnos (4º GP) non acadou os obxectivos, por falta de traballo e posterior abandono da materia.

### 6.6.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Carmen Álvarez Varela:

Considero que a boa comunicación entre o equipo directivo e o profesorado de concertos, reunións e novas relacionadas co funcionamento do centro.

Begoña Coello Mo:

En xeral, cabe destacar do equipo directivo, e tamén do persoal non docente, o seu trato persoal, e o traballo que desenvolven, cada un no seu ámbito. Cabe destacar tamén a boa organización do centro e o interese do equipo directivo demostrado no departamento de linguaxe musical.

Renata Gago Romero:

Remarcar o bo traballo dun departamento de Linguaxe musical dinámico e entusiasta.

Milagros Gómez Fandiño:

Excelente organización e planificación por parte da dirección, con dispoñibilidade para resolver calquera asunto ou dúbida. Ampla oferta de concertos, audicións. Colaboración entre departamentos para organizar actividades conxuntas, pese á dificultade organizativa que pode xurdir.

Gloria Rodríguez Gil:

Estou moi contenta cos horarios do curso 2018/19 e gustaríame poder mantelos o curso que ven.

Elvira Rodríguez Pontevedra:

Boa organización e planificación. Bo ambiente de traballo e de compañerismo na



maioría dos casos. Moitas facilidades para que todo o profesorado poida realizar os seus proxectos particulares (audicións individuais, clases extraescolares, aficións persoais, permisos, etc.). Sempre se ofrece ó profesorado flexibilidade e moitas facilidades á hora de confeccionar o horario (incluso ás veces en contra dos propios intereses do centro). Tamén se facilitou enormemente a elección de horas de garda.

Todo o equipo directivo está volcado no bo funcionamento do centro e en axudar ó profesorado no seu labor e iso é moi de agradecer.

Diego Rodríguez Vieites:

A organización dos procesos de avaliación e das audicións e a gran cantidade de concertos levados a cabo no centro. Tamén o bo ambiente que se respira no centro.

M<sup>a</sup> Isabel Villaverde Abal:

A boa comunicación das diferentes actividades e reunións ao longo do curso, en tempo e forma.

#### **6.6.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro**

Carmen Álvarez Varela:

Os informes de seguimento do alumnado mensuais permítenos coñecer o desenvolvemento do alumnado nas distintas asignaturas que cursa no centro aínda que podería levarse a cabo un seguimento conxunto por parte dos pais para ter estes coñecemento do traballo antes da avaliación e poder mellorar a acción tutorial

Considero que sería de utilidade o facilitamento de soporte técnico para o uso das TICs como ferramenta de apoio nas aulas de linguaxe musical.

Na miña opinión sería positivo para o alumnado o emprego das titorías para o reforzo de contidos que non foron ben asimilados na clase, entendendo que este



problema sexa por falta de coñecementos previos e non por desinterese do alumnado. Isto podería facilitar o desenvolvemento das clases, dado que o profesor, a través dunha acción tutorial directa podería atopar onde esta o problema de aprendizaxe do alumno sen retrasar o avance clase. Considero a súa especial necesidade no apartado auditivo.

Begoña Coello Mo:

A mín gustaríame, que de cara ó próximo curso, os meus alumnos tivesen mesas fixas, similares as que teñen nos colexios de ensinanza xeral, pois considero que as sillas de pala, non son apropiadas para nenos tan pequenos, pois por ter un soporte pra os libros tan pequeno, sempre acaban caíndo ao chan, o que interrompe constantemente o desenrolo normal da actividade da aula.

Renata Gago Romero:

A revisión e mantemento dos equipos de audio e ordenadores de determinadas aulas das materias colectivas.

Rosa M<sup>a</sup> Gayoso Vázquez:

En liñas xerais unha vez mais, chámame a atención que segue a haber alumnos con dúbidas con respecto ó instrumento que estudan e outros que de feito non queren facer estudos no conservatorio, a pesares de ter cualidades musicais. A miña reflexión ó respecto é que a proba de acceso a grao elemental adolece dunha parte na que se poidan valorar aspectos coma o interese real do alumnado aspirante así coma outras cuestión que na miña opinión poden facilitar a escolla de instrumento con certo grao de garantía de continuidade. Para eso propoño un estudo da posibilidade de incluír na actividade de Coñece o teu conservatorio unhas sesións de traballo grupal e de coñecemento máis cercano dos nenos que aspiran a entrar no Centro para que por unha banda poidan probar de xeito físico os instrumentos (tarefa que xa se está a levar a cabo) e pola outra podan asisitir así a algunhas sesións de traballo conxunto onde poidamos valorar certos rasgos de personalidade que nos poden axudar a orientalos mellor na escolla de



instrumento (poderíase incluír).

Por outra banda quixera salientar a satisfacción con respecto ás experiencias levadas a cabo en varias sesións nas que fixen propostas de traballo colaborativo que desenvolveron de maneira totalmente autónoma e con moi bos resultados. Isto me leva a afondar no replantexamento das sesións nun formato máis indagativo-colaborativo.

Algúns destes traballos foron postos en público nunha audición conxunta de todos meus alumnos nos que nenos e nenas de idades diferentes estrearon pezas de composición propia valorando a beleza do diferente.

Milagros Gómez Fandiño:

Con respecto ó seguimento do alumnado, considero que debería facelo ó titor, reflectindo nun só documento a evolución do alumno nas diferentes materias e posteriormente trasladando a información ás familias e as medidas a adoptar se fosen necesarias.

Tamén se debería ter un sistema de control e/ou medidas correctoras para o alumnado que non mostra interese pola materia, que non aproveita as clases e entorpece o desenvolvemento das clases. A expulsión, na maioría dos casos, é percibida polo alumnado como premio xa que non queren asistir ás clases, e polo tanto, non o percibirían como un castigo ou penalización.

Por outra banda, os espazos físicos para as clases de Linguaxe Musical deberían ser máis espaciosos e sería idóneo ter, polo menos, un aula máis para as clases de Linguaxe Musical. Amais, a posición dos pianos contra a parede non facilita as clases das nosas materias, polo que sería ideal ter pianos de caixa baixa y que permitisen o contacto visual co alumnado.

No caso da aula onde imparto Coro Infantil, sería desexable ter colchonetas para exercicios de respiración, e tamén un piano que posibilite o ensaio de fronte ó alumnado. Por último, solicitar que o ensaio do Coro Infantil sexa na metade da tarde para dar a posibilidade de participar ó alumnado que ten cole polas tardes.



Gloria Rodríguez Gil:

O alumnado de RTA escolle por orde de curso e nota académica, isto vai en detrimento do alumnado que desexa proseguir coa súa profesora cando chega o seu turno. Opino que o próximo curso podemos comezar coa escolla horaria nos cursos superiores, xa que ao tratarse de alumnado maior de 15/16 anos non precisa de prioridades horarias como sucede no grao elemental ou primeiro ciclo de profesional.

Os horarios dos cursos programados polo CFRE son na súa meirande parte impartidos de tarde en detrimento do profesorado de ensinanzas artísticas, deberían ofertarse algúns en horario de mañá.

Elvira Rodríguez Pontevedra:

Un aspecto no que incido ano tras ano é o tema dos ruidos entre aulas e a través das fiestras. Sería interesante poder chegar a un acordo entre veciños de aulas para evitar eses inconvenientes. Unha posible solución (nas aulas de linguaxe musical) sería separar ó alumnado de grao elemental do de grao profesional pois a dinámica de traballo das clases son completamente distintas e ás veces incompatibles.

Outro tema que ten que ver co punto anterior é o da apertura das fiestras nos patios comúns, estas non deben abrirse totalmente porque nese caso toda a intimidade sonora das aulas circundantes desaparece.

Outro asunto que segue sen solucionarse é o do sentido da responsabilidade de algúns titores con respecto ó seu alumnado titorado. Facendo o cálculo do meu alumnado que finalmente resultou avaliado negativamente comprobei que máis ou menos coa metade deses titores non tiveron contacto en todo o curso, malia estar o alumno ou alumna no listado en cada seguemento de programación, exactamente de 17 alumnos/as das materias correspondentes a este departamento falei exactamente con 9 titores.

Diego Rodríguez Vieites:



Tomar medidas efectivas para que o alumnado disruptivo non impida constantemente o bo funcionamento das clases colectivas.

Supervisar o proceso de seguemento do alumnado xa que nalgúns casos non hai comunicación entre os titores e os profesores das materias colectivas.

Colocar carteis nos pasillos indicando que o alumnado non se sente no chandado que hai alumnos invidentes no centro.

Colocar bancos en zonas dos pasillos que o permitan.

Colocar un cartel nos baños desaconsellando que o alumnado beba auga ou encha as súas botellas de auga nos mesmos.

M<sup>a</sup> Isabel Villaverde Abal:

Insistir en que os profesores que organicen actividades no centro (audicións, concertos, etc.) en horario de materias colectivas como é linguaxe musical, avisen con anterioridade ao profesorado dos alumnos que faltarán a clase. Durante todo o curso, varios alumnos chegan a clase dicindo no mesmo día que teñen que marchar antes, sen aviso previo dun adulto responsable.

### 6.6.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Rosa M<sup>a</sup> Gayoso Vázquez:

Os catro alumnos de RTA participaron no Concerto de Santa Icia o 22 de novembro de 2018 estreando pezas de composición propia abranguendo estilos tan diferentes coma o jazz, a canción de autora, a música con texto recitado ou unha peza para cuarteto de cordas.

Co alumno Sergio De Miguel Jorquera, levamos a cabo dúas sesións de gravación coa Radio Galega no Auditorio do Centro os días 11 e 12 de Febreiro con gran aproveitamento.

Todo o alumnado de RTA e LM-EAV puxo en escea unha audición de creación musical libre que levou por título “Concerto no OVO” e foi levada ó auditorio o 12



de abril.

Milagros Gómez Fandiño:

Este curso incorporeime ó centro como resultado do Concurso Xeral de Trasladados, facendome cargo do Coro Infantil ós venres ás 16:00h. Contamos, neste curso, con 13 alumnos de diferentes cursos e especialidades do grado Elemental. Participamos no Concerto de Nadal o 19 de Decembro de 2018, na Igrexa de Sto. Antonio da Florida, xunto cos Coros de Grado Profesional e o Coro Miñoica ma non toppo. Tamén participamos no concerto de coros do 24 de abril do 2019, no auditorio do centro, xunto cos coros de Grado Profesional. En colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega, colaboramos na semana das Letras Galegas, cantando no auditorio e corredor do centro o día 14 de maio de 2019 xunto co Conxunto de Metais.

Coma en todas as edicións anteriores no centro do que procedo, durante os meses de marzo, abril e maio colaborei nos ensaios para a actividade “No Bico Un Cantar”, ensinando ós alumnos do Coro Infantil e tamén ós que colaboraron en dita actividade, que se realizará o 7 de xuño de 2019 en Tui. Amais dos ensaios colaborei xunto coa vicedirección na organización e planificación destes ensaios.

Gloria Rodríguez Gil:

No primeiro trimestre proxectei na biblioteca o vídeo da V mostra teatral-musical do club enxeñar (2018).

No primeiro trimestre todos os meus grupos de linguaxe musical e EAV participaron na semana previa ás vacacións de Nadal (do 17 ao 20 de Decembro), nas representacións navideñas realizadas na nova tarima do hall do Conservatorio (duración 15-20 minutos por grupo).

No primeiro trimestre o meu alumnado de linguaxe musical e EAV participou na miña proposta de traballo para o meu alumnado de RTA, interpretando arranxos a 2 voces de temas coñecidos, harmonizados e acompañados polo propio alumnado de RTA.



No primeiro trimestre presento o Proxecto de Desenvolvemento Europeo ao equipo directivo a través dun curso do CFRE.

No segundo trimestre 3 alumnos/as de RTA participan no VII concurso de composición "Martín Codax" do Cmus Superior de Vigo.

No segundo trimestre realizo dous reforzos de teoría para 3º os mércores 30 de xaneiro e 6 de febreiro de 21-21:30 (7/9 alumnos).

No segundo trimestre levo a cabo a actividade "entre timbres" co meu alumnado de LM no vestíbulo e hall do centro do 21 de xaneiro ao 27 de Febreiro (total 27 entre timbres) cantando pezas a 2 e 3 voces.

No segundo trimestre coordino o curso de canto coral para adolescentes con Alfonso Elorriaga no fin de semana 23-24 de febreiro, e coa participación dun coro piloto formado por alumnado do centro (un total de 19 nenos e nenas de entre 11 a 17 anos).

No segundo trimestre coordinei dous talleres de coaching "actívate" na biblioteca do centro, coa terapeuta Sonia Rey para o alumnado do Itinerario musicoloxía (15 alumnos/as), e para o alumnado do itinerario interpretación (14 alumnos/as), en colaboración cos seus profesores Baldomero e Noemí, e o coordinador da biblioteca Manuel.

No terceiro trimestre realizamos a profesora Elvira Pontevedra e eu a actividade *Estampas* o 27 de marzo no auditorio do conservatorio con 5 alumnos/as de RTA. Improvisacións para piano sobre fotografías

No terceiro trimestre o meu grupo de 2ºF colabora coa ANPA os luns 25 de marzo e 8 de abril ás 19h na biblioteca para a presentación do conto musicado, baseado no texto de Xosé López Alberte, o título "Unha fenda no muro" xa nos invita a explorar o mundo da inclusión.

No terceiro trimestre 8 alumnos/as de 1º e 2º de RTA participaron na semana das letras galegas (13 de Maio), organizada polo departamento de dinamización



da lingua galega, interpretando composicións realizadas por eles/as mesmos/as para piano e voz dende diferentes poemas galegos. O concerto realizouse dentro da audición da semana das letras galegas do departamento de canto (profesores Jose Antonio Campo e Tatiana Sajarova).

No terceiro trimestre 13 alumnos/as do centro que formaron parte do *club enxeñar*, creado durante o curso 2013/14 e que se reúne unha hora á semana, 2 pais e a profesora de piano Susana, puxeron en escea baixo a miña dirección 7 pezas teatrais-musicais enxeñadas a partir de diferentes mulleres que marcaron un antes e un despois no mundo da música, interpretada con escenografía, vestuario e iluminación axeitada durante a semana das letras galegas (10 de Maio) e en colaboración co Departamento de Dinamización da Lingua Galega. Ademais proxectei na biblioteca o 25 de Maio o vídeo desta VI mostra 2019.

No terceiro trimestre colaborei coa profesora Elvira Pontevedra na materia de itinerario de pedagogía un mércores ás 20:30 na B6 co meu alumnado de 3ºD para que o seu alumnado realizara prácticas.

No terceiro trimestre o meu alumnado de 3ºE presentou no seu horario de clase na aula B4 a “fuga geográfica” de Ernst Toch.

Ademais debo destacar que:

A resolución do 31 de Decembro de 2018 para incentivar os clubs de lectura dos centros educativos, concedeume 500 euros que empreguei na merca de libros e dunha lona con 2 trípodes para a posta en escea das pezas creadas e interpretadas durante este curso polo club enxeñar.

Que aínda que non participei na actividade “no bico un cantar”, sí informei e animei ao meu alumnado a participar (participaron en total 5).

M<sup>a</sup> Isabel Villaverde Abal:

Participei nos ensaios da actividade “No bico un cantar” durante os meses de abril e maio.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL  
Conservatorio Profesional de Música de Vigo



**UNIÓN EUROPEA**  
Fondo Social Europeo  
*O FSE inviste no teu futuro*

**cmusVigo**  
Conservatorio Profesional de Música

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n  
36209 Vigo  
Tfno: 986213395 Fax: 986206131  
[cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es](mailto:cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es)

Tamén na actividade “Coñece o noso conservatorio, coñece o teu conservatorio”



## **6.7 Departamento de Música Tradicional**

María Rosario Guerrero García - Gaita Galega, Conxunto e Música tradicional

Nerea Rodríguez Núñez - Acordeón, Conxunto e RTA

Xosé Luís Miguélez Saínza (XD) - Gaita Galega, Conxunto e Iniciación ao Jazz

### **6.7.1 Datos do alumnado**

#### **-Alumnado total do departamento**

43 alumnos.

#### **-Alumnado por materia**

Gaita galega: 26

Acordeón: 17

Conxunto Acordeón: 10

Conxunto Gaita Galega: 19

RTA acordeón: 5

Optativa música tradicional galega.: 2

Optativa iniciación ao jazz: 13

### **6.7.2 Obxectivos do profesorado para o curso**

Facer que as/os alumnas/os entendan a música coma un aspecto fundamental da formación do individuo.

Fomentar a musicalidade e creatividade das/os alumnas/os.

Conseguir que o alumno acade un bo control do instrumento en xeral, coidando a posición e correspondencia da coordinación na interpretación da música.

Aumentar memorización e imaxinación musical da/o alumna/o, así como a conexión entre o ouvido e o instrumento.



Empregar puntualmente as diferentes escolas interpretativas, tendo en conta a evolución en distintos períodos da historia da música que concerne ás especialidades instrumentísticas, e especialmente as referidas á escritura rítmica e á ornamentación que deberá axustarse, cando proceda, ás obras a interpretar.

Asegurar que o repertorio inclúa a mellor quenda de obras representativas das diversas épocas e estilos cunha dificultade acorde ao nivel.

Practicar a lectura a primeira vista no instrumento.

Seleccionar o grao de dificultade das obras ou material de traballo a interpretar para tratar de conseguir o mellor resultado do labor de conxunto do alumnado conforme a colectividade desta disciplina no curso.

#### **-Obxectivos acadados**

Todos

#### **-Obxectivos non acadados**

Ningún

### **6.7.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro**

Boa comunicación co equipo directivo, moi boa organización do centro, colaboración entre departamentos e co equipo directivo para a organización de actividades, bo ambiente de traballo.

### **6.7.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro**

Como en cursos pasados creemos que a clase colectiva no grao elemental, sería moi beneficiosa e necesaria no desenvolvemento curricular da disciplina, polo cal sería moi adecuado mantela no cadro horario do próximo curso, tanto en gaita como en acordeón.



O departamento, e en concreto acordeón, pide afinar o acordeón pequeno de botóns Pignini. Asimesmo recomenda vender o acordeón de teclas pequeno, xa que non se lle dá uso. Co diñeiro de ese acordeón poderíanse mercar máis partituras para a biblioteca ou outro acordeón de botóns un pouco máis grande, de cara a prestarllo momentaneamente a algúns alumnos que precisan facer o cambio de instrumento.

Co obxectivo de acadar unha mellor organización, o departamento solicita unha mellor distribución dos materiais (cadeiras e estantes), para axilizar os comezos nas clases nas aulas C16 e C17, nas franxas horarias de 19 a 22 os mércores e xoves. A aula de acordeón quédase moi pequena para as aulas de conxunto e colectivas, solicítase un espazo máis grande con piano.

### **6.7.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento**

Celebración dunha audición de aula de grao profesional de gaita na semana anterior á audición do auditorio e dúas audición de aula de grao elemental de gaita.

Colaboración co departamento de dinamización da lingua galega nas distintas actividades organizadas no curso 2018-19, especialmente na semana das letras galegas.

Organización de actividades conxuntas coa ETRAD de Vigo.

Participación nas xornadas de portas abertas nas dúas especialidades do departamento.

As/os alumnas/os de acordeón participaron tamén en sete audicións ao longo do curso. Tamén fixeron un mural sobre Alexander Sebastian (conmemorando a súa morte) exposto na porta da aula de acordeón

Organización de un taller de fisioterapia e conferencia coa clínica Okos de Vigo.

Os grupos de conxunto de gaita e alumnos individuais Gp e Ge participaron, na Semana das Letras Galegas (homenaxe a Henrique Otero e Josefa Estarque) nos Concertos en familia e no concerto de Nadal.



A alumna de gaita Johana Castro Fontaiña participou nos Premios de fin de grao do centro.



## 6.8 Departamento de Percusión

### 6.8.1 Datos do alumnado

#### -Alumnado total do departamento

32 alumnos

#### -Alumnado prof. Vicent Grau i Díaz

Percusión: 18 alumnos

Conxunto: 5 alumnos

Música de Cámara: 6 alumnos

#### -Alumnado prof. David Rodríguez García

Percusión: 14 alumnos

Música de Cámara: 4 alumnos

### 6.8.2 Obxectivos do profesorado para o curso

#### -Obxectivos acadados

No presente curso 2018/2019 acadáronse a totalidade dos obxectivos propostos dentro do departamento, e que foron os seguintes:

Ofertar un ensino de calidade e atractivo que actúe ao mesmo tempo como motivador extrínseco no alumnado.

Fomentar entre o alumnado da materia unha axeitada orde das aulas e o coidado do instrumental de percusión.

Seleccionar un repertorio axeitado ao nivel do alumnado e aos obxectivos do curso adecuándonos na medida do posible aos seus intereses e gustos.

Prestar atención e adaptarnos á diversidade das capacidades do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe.



Fomentar entre a comunidade educativa do departamento un bo clima de traballo e convivencia tanto nas clases como fóra delas.

Facer partícipe e coñecedor ao alumnado do proceso de ensino –aprendizaxe e do sistema de avaliación.

Realizar un seguimento efectivo do alumnado e da programación didáctica co fin de introducir melloras no proceso de ensino – aprendizaxe en caso de ser necesario.

Manter en todo momento unha canle aberta de comunicación e cooperación entre os membros do departamento.

Colaborar na medida do posible nas actividades que leven a cabo o resto de departamentos do centro, tanto a nivel humano como loxístico.

#### **-Obxectivos non acadados**

Acadáronse a totalidade dos obxectivos para este curso.

#### **6.8.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro**

Desde o departamento de percusión queremos destacar:

Que se estean a respectar as franxas libres de docencia nas aulas de percusión facilitando dese modo o estudo do alumnado, empregándoas soamente para actividade lectiva doutros instrumentos en última instancia.

A organización e planificación do curso académico con claridade e antelación.

A comunicación fluida cos membros do equipo directivo e a súa rápida resposta.

O ambiente de traballo en xeral.

Apertura do centro en fin de semana posibilitando e facilitando a realización de actividades complementarias ou extraescolares en caso de querer programalas ou de xurdir a necesidade, ademáis de engadir tempo extra de estudo ao alumnado



#### 6.8.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Desde o departamento de percusión propónse:

A posibilidade de realizar o reparto de percusionistas para as agrupacións en colaboración cos encargados destas na medida do posible, xa que o profesorado de percusión é o que mellor coñece a este alumnado tanto musicalmente como personalmente, repercutindo desta maneira repercutiría nunha distribución máis beneficiosa tanto para eles como para a propia agrupación.

Poder seguir contando co maior tempo posible das aulas de percusión para o estudo do alumnado.

Compra de material do que se beneficiarán diversos departamentos (conxunto, percusión e linguaxe musical) xa que este se comparte con diversas materias:

Mercar un timbal de 23" de cobre para completar o xogo da aula A2 e poder substituír o timbal de fibra que está agora mesmo nela e non pertence ao mesmo.

Faise necesaria a substitución paulatina de todos os parches dos instrumentos, xa que se están a mercar cando estes se rompen e hai moitos que están deteriorados do seu uso: caixa píccolo, 3 toms da batería da aula magna, 3 toms da batería da a2, caixas de 14", djembé.

Platos de choque de 16", xa que o alumnado dos primeiros cursos de profesional non pode cos que dispoñemos de 20" e pode dar lugar a lesións.

Instrumentos de efecto que se inclúen cada vez máis no repertorio bandístico como o flexatone, a cabassa e o vibraslap, posto que se está a utilizar material que o propio alumnado de xeito responsable trae prestado das súas bandas de música.

Dous soportes de dobre altura Drumworks de caixa, por ser os máis versátiles: Faise necesarios para a montaxe de obras de multipercusión, xa que ao dispoñer de poucos soportes o alumnado vése na obriga de usar os dous altos que temos, creando unha descompensación nas alturas difícilmente solucionable.



Dispoñer de batedores na aula: baquetas de bombo e martillos de campá.

Un par de congas ou junior congas, non soamente para a materia de percusión e cámara, senón tamén para que puidera dispoñer delas a materia de Jazz e que no mesmo horario a materia de banda puidese dispoñer doutras.

Un prato chino de 18" e un splash de 8" xa que o centro non conta con ese tipo de pratos suspendidos moi empregados no repertorio de multipercusión e ensemble de percusión.

Un xogo de 4 toms con soporte para os sets de multipercusión.

Almohadillas e plásticos para os soportes de prato que os perderon.

### **6.8.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento**

Un ano máis o departamento de Percusión segue a ser un dos máis activos do CMUS Profesional de Vigo. Como mostra, ademáis de participar nos tres períodos de audicións do centro, o alumnado de percusión levou a cabo as seguintes actividades:

Participación no concerto de Nadal dos alumnos Nuria Comesaña e Daniel Piñeiro.

Participación no concerto de Entroido.

Realización dos I Concertos Fugaces de percusión no segundo trimestre

Recital Fin de Grao de Hannah Siebert.

Colaboración de alumnado na orquestra Junior.

Participación de alumnado de percusión no Clube Enxeñar e nas mostras levadas a cabo.

Participación musical da alumna Hannah Siebert na cerimonia de graduación de grao profesional.



## 6.9 Departamento de Piano Acompañante

### 6.9.1 Datos do alumnado

Alumnado adscrito ao departamento: 411 alumnos (143 de GE e 268 de GP).

En función do profesorado con docencia no Departamento de Piano Acompañante (de aquí en diante DPA), as horas dispoñibles para acompañamento foron **133 h**, que se distribuíron do xeito seguinte:

Horas asignadas a Canto (3º a 6º de GP): 10 h

Horas asignadas a IMTP (5º e 6º de GP): 2 h

Horas asignadas a Percusión (5º e 6º de GP): 2 h

Horas a prorratar entre o alumnado restante (especialidades instrumentais):  
 119 h

Para poder acompañar a este último alumnado nas horas dispoñibles aplicáronse unhas ratios por curso diferentes ás do ano académico 2017-18, pois foi posible atender un dos obxectivos que se apuntaban para o curso presente na memoria do curso pasado, que era o de incrementar o tempo de ensaio semanal por alumno en 4º de GE. Asimesmo, optouse por incrementar tamén o tempo de ensaio semanal para o alumnado de 4º de GP, tal e como se solicitaba. Polo tanto, o tempo de ensaio por alumno quedou do seguinte xeito no ano académico 2018-19:

	GE				GP					
	1º	2º	3º	4º	1º	2º	3º	4º	5º	6º
2017-2018	5'	5'	10'	<b>15'</b>	20'	20'	20'	<b>20'</b>	30'	30'
2018-2019	5'	5'	10'	<b>20'</b>	20'	20'	20'	<b>30'</b>	30'	30'



En función destas novas ratios, procedeuse ao reparto de alumnado entre o profesorado do DPA, quedando como segue:

**Resumo de horas de acompañamento e pianistas asignados, por profesor e grao:**

Especialidade	Docente	GE	GP	TOTAL	Pianista/s acompañante/s
<b>Canto</b>	José Antonio	-	4h (MC) + 1h Canto	5h 00'	Blanca Vázquez
	Tatjana	-	6h (MC)+ 40' Canto	6h 40'	Blanca Vázquez
<b>Violín</b>	Edita	1h 25'	3h 40'	5h 05'	David Vásconez
	José Manuel	35'	4h 50'	5h 25'	M <sup>a</sup> del Mar Gómez (GE, 1º GP); Cecilia Blanco (2º-3º GP); David Vásconez (5ºGP); Blanca Vázquez (6º GP)
	Leonardo	1h 50'	1h 40'	3h 30'	M <sup>a</sup> del Mar Gómez
	Marcos	1h 40'	3h 40'	5h 20'	Berta Fresco
	Mykolas	1h 05'	3h 20'	4h 25'	Alina Pociute
<b>Viola</b>	Belén	55'	3h 30'	4h 25'	Blanca Vázquez
<b>Violoncello</b>	Fernando	2h 05'	40'	2h 45'	David Vásconez
	Isabel	20'	5h 30'	5h 50'	David Vásconez
<b>Contrabajo</b>	Oscar	1h 10'	2h 50'	4h 00'	M <sup>a</sup> del Mar Gómez
<b>Clarinete</b>	Felipe	05'	5h 20'	5h 25'	Berta Fresco
	Javier	1h 25'	4h 40'	6h 05'	Alina Pociute
	Rubén	25'	4h 00'	4h 25'	Manuel García
<b>Fagot</b>	David	1h 00'	2h 20'	3h 10'	Cecilia Blanco
<b>Flauta</b>	Alejandro	0h	4h 20'	4h 20'	Eva María Palacios
	Julia	0h	1h 40'	1h 40'	Berta Fresco
	Noemí	35'	5h 10'	5h 45'	M <sup>a</sup> del Mar Gómez
<b>Óboe</b>	Eulalia	1h 35'	4h 50'	6h 25'	Manuel García (GE); Pablo Rodríguez (GP)
<b>Saxofón</b>	José Luis	1h 00'	5h 10'	6h 10'	Manuel García (GE); Pablo Rodríguez (GP)
	Julio	30'	6h 20'	6h 50'	Manuel García (GE); Pablo Rodríguez (GP)
<b>Trombón</b>	Luis	1h 00'	4h 10'	5h 10'	José Luis Reguilón
<b>Trompa</b>	Óscar	10'	2h 10'	2h 20'	Berta Fresco
	Pilar	50'	3h 40'	4h 30'	M <sup>a</sup> del Mar Gómez (GE, 1º-5º GP); Pablo Rodríguez (6º GP)
	Sergio	0h 00'	1h 20'	1h 20'	Berta Fresco



<b>Tompeta</b>	Javier	15'	1h 00'	1h 15'	Manuel García
	Luis	15'	6h 40'	6h 55'	José Luis Reguilón
<b>Tuba</b>	Antonio	1h 40'	2h 40'	4h 20'	Manuel García
<b>IMTP</b>	Rosario	-	-	2h 00'	David Váscquez
	José Luis	-	-		
<b>Percusión</b>	David	-	-	2h 00'	David Váscquez
	Vicent	-	-		

### 6.9.2 Obxectivos do profesorado para o curso

Que o alumnado ao que se acompaña supere coa maior solvencia as audicións e recitais que debe afrontar ao longo do curso

Traballar e reforzar aspectos musicais complementarios á clase de instrumento.

#### - Obxectivos acadados

Todos

#### - Obxectivos non acadados

Ningún

### 6.9.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

En primeiro lugar, o DPA desexa agradecer á Dirección a súa vontade de facilitar e apoiar a súa labor, reivindicando en todo momento a importancia e a dificultade do seu papel na formación do alumnado.

En relación á organización e xestión xeral do centro, o DPA desexa salientar a planificación por parte de Vicedirección das audicións trimestrais, así como agradecer que envíe con tanta antelación o calendario coas franxas horarias.

O DPA acordou acompañar os exames de acceso a Grao Profesional de todo o alumnado que o solicitase no momento da matrícula e independentemente do



seu centro de procedencia. O reparto de alumnado de acceso a GP entre o profesorado quedou como segue:

	Pianista	Especialidades que acompañou	Alumnos procedentes do CMUS profesional de Vigo	Alumnos procedentes doutros centros
1	Blanco Formoso, Cecilia	Fagot, Oboe	4	2
2	Fresco Bello, Berta	Clarinete, Violín	5	1
4	Gómez Vieites, Mar	Contrabaixo, Trompa, Violín	5	1
5	Pociute, Alina	Clarinete, Saxofón	3	3
6	Rodríguez Fernández, Pablo	Frauta, Trompeta, Tuba	1	5
7	Vásconez Pueyo, David	Violín, Violoncelo	4	1
8	Vázquez Hernida, Blanca	Canto, Clarinete, Viola	1	4
	Total parcial		23	17
	TOTAL			40

#### 6.9.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

En relación aos instrumentos:

- Velar pola limpeza dos instrumentos, incluíndo o interior do moble do piano e tamén do teclado;
- Continuar regularmente coa afinación e mantemento mecánico dos pianos;

En relación ao tempo de adicación ao alumnado:

- Manter as ratios acadadas no presente curso académico;
- Ver de aumentar o tempo de ensaio do alumnado de 3º de GP a 30' de ensaio



semanal por alumno; neste curso abórdanse en moitos casos obras dunha dificultade importante e a ratio asignada non permite o seu estudo e ensaio coa profundidade que se precisa;

- Do mesmo xeito, ver de aumentar o tempo de ensaio en GE a 15' semanais por alumno nos cursos 1º a 3º. Este tempo é necesario para realizar un traballo profundo co alumnado no desenvolvemento da percepción da propia afinación e para poder preparar en condicións as obras a tocar nas audicións. É evidente en calquera caso que o traballo do DPA é fundamental no GE, dado que o alumnado necesita do seu apoio para desenvolver e fixar competencias como son o sentido da afinación e do ritmo e a capacidade de escoita.

En relación ás audicións:

- Profundizar no respecto do profesorado titor á función do profesorado do DPA, en en concreto no que se debe observar á hora de establecer as datas e horas das audicións, pois a maioría do profesorado do DPA atende tamén a alumnado das materias de Piano e Piano Complementario;

- Recordar a todo o profesorado que o mínimo de 3 ensaios exixidos para que o alumnado poida presentarse en público ten que completarse con anterioridade á semana na que se celebre a audición;

- Exixir ao profesorado titor que cumpra coa súa obriga de consensuar co profesorado do DPA as datas e horas das audicións ou recitais con anterioridade á súa solicitude á Vicedirección;

- Mellorar a comunicación entre o profesorado titor e o do DPA;

- Exixir que os titores comuniquen ao profesorado do DPA ao inicio de cada trimestre se o alumnado co que traballan en común participará nas audicións fixadas polo Centro ou se o fará noutras datas;

- Exixir ao profesorado titor que fixe as obras de especial dificultade ao principio do curso académico sen máis demora, así como que entregue este repertorio á



maior brevidade posible ao profesorado do DPA;

- Solicitar á Dirección que negocie a ampliación do persoal adscrito ao departamento alomenos nunha xornada completa (20 horas), co fin de atender dun xeito adecuado ao alumnado de GE e GP.

### 6.9.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

- O 17 de novembro de 2018 celebrouse no Centro a Fase Autonómica do **XVII Certame Intercentros Melómano**, á cal concorreu numeroso alumnado do centro, acompañado pola/o súa/seu correspondente docente do DPA:

**Cecilia Blanco Formoso** acompañou a Iria Pérez Salgueiro (Fagot 5º GP)

**Pablo Rodríguez Fernández** acompañou a Jaime Estévez Moreira (Saxofón 6ºGP e Primeiro Premio)

**Berta Fresco Bello** acompañou a Pedro Villanueva (Clarinete 5º GP e Terceiro Premio)

- Acompañáronse diversos **Recitais de Fin de Grao**:

**Berta Fresco Bello**: Trompa GP (Daniel Otero, Alba Raña), Frauta (Lara Raña)

**Alina Pociute**: Clarinete GE (Lucía Abalde Lahoz, Carlota Salgado García), Violín GP (Iris Landeiro Palacio, Lara Quicler Moriarty)

**Pablo Rodríguez Fernández**: Trombón (Daniel Martínez Gómez, Antonio Rodríguez González), Trompa (Gonzalo Méndez Rodríguez, Rut Figueiras Fernández)

- Acompañáronse os **Premios de Fin de Grao Profesional**:

**Berta Fresco Bello**: Lara Raña (Frauta), Daniel Otero Ferreira (Trompa)

**Alina Pociute**: Iris Landeiro Palacio (Violín), Lara Quicler Moriarty (Violín)

**Pablo Rodríguez Fernández**: Gonzalo Méndez Rodríguez (Trompa)

**Blanca Vázquez Hermida**: Teresa González Mallo (Canto), Emilia Pérez López



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL  
Conservatorio Profesional de Música de Vigo



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Social Europeo  
*O FSE inviste no teu futuro*

cmus **Vigo**  
Conservatorio Profesional de Música

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n  
36209 Vigo  
Tfno: 986213395 Fax: 986206131  
[cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es](mailto:cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es)

(Canto)

- Acompañáronse **outras actividades:**

Concerto de Santa Icíá (Cecilia Blanco)

Concerto de Entroido (Berta Fresco)

Semana das Letras Galegas-Audición de Canto (Blanca Vázquez)

.



## 6.10 Departamento de Tecla

### 6.10.1 Datos do alumnado

#### -Alumnado total do departamento

280 alumnos

#### -Alumnado por materia

Piano: 102 alumnos

GE: 40 alumnos

GP: 62 alumnos

Piano Complementario: 178 alumnos

### 6.10.2 Obxectivos do profesorado para o curso

#### -Obxectivos acadados

Cumprir con todos os requisitos da programación, especialmente no referido ó repertorio e número mínimo de obras que han de traballar os alumnos, así como coa participación de todos os alumnos do departamento nalgunhas das audicións trimestrais organizadas polo centro, así como en audicións de aula. Por outra banda, os alumnos de 2º, 4º e 6º de Grao Profesional de piano participaron en audicións específicas para avaliar a calidade do traballo realizado e as súas aptitudes para afrontar o curso seguinte. Todo isto tradúcese nunha homoxeneidade de actuación e, o que é máis importante, na procura dunha homoxeneización de criterios. O diálogo, ó tratarse de audicións en conxunto, é moi produtivo e interesante entre os profesores. Nestas diferentes audicións podemos contrastar o nivel entre os alumnos do mesmo curso e de diferentes profesores. E para os alumnos supón a posta en escena do seu traballo e a comparación positiva deste con respecto ós seus compañeiros.

Falar dos alumnos con baixo rendemento segundo as programacións en cada



reunión de departamento. Elaborábase unha lista que era enviada a CCP mensualmente.

Participación dos alumnos en actividades complementarias ou extraordinarias.

Consecución dos obxectivos específicos da Programación pero sempre adaptándoos ás circunstancias específicas de cada alumno.

Revisión das programacións de piano e piano complementario e modificación da programación de piano.

#### **-Obxectivos non acadados**

Curso de piano a cargo dalgún profesor externo.

#### **6.10.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro**

Organización e xestión xeral do centro moi boas.

Boa planificación das audicións trimestrais.

Seguimento da programación a nivel departamental boa.

#### **6.10.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro**

Limpeza dos pianos, tanto do moble como do teclado.

Afinación e regulación dos pianos.

#### **6.10.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento.**

Concerto de Santa Icíá: 22 de Novembro. Participación da alumna Jimena Cabrera Álvarez.

Concerto de Nadal: 17 de Decembro. Participación das alumnas Lucía Prieto García e Helena Fernández Gil.

Concerto de entroido: 27 de Febreiro. Participación da alumna Helena Fernández Gil e Jimena Cabrera Álvarez.

Colaboración do alumno Roque Vázquez Ben coa orquesta Senior o 21 de



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL  
Conservatorio Profesional de Música de Vigo



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Social Europeo  
*O FSE inviste no teu futuro*

cmus **Vigo**  
Conservatorio Profesional de Música

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n  
36209 Vigo  
Tfno: 986213395 Fax: 986206131  
[cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es](mailto:cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es)

marzo.

Audición conxunta dos profesores Carmen Carreiras e Jesús Pardal: 22 de marzo.

Concerto de alumnos de piano no Café Vitrubia: 6 e 13 de abril.

Concertos en familia: 15 de Maio, participación de Laura e Alba Raña Barreiro e Andrea e Laura Sampedro Hamilton.

Audición dos alumnos da profesora Carmen Carreiras: 6 de xuño.



## 6.11 Departamento de Vento Madeira

### 6.11.1 Datos do alumnado

#### -Alumnado total do departamento

145 alumnos

#### -Alumnado por materia

Clarinete: 48

Frauta: 31

Fagot: 12

Óboe: 19

Saxofón: 35

### 6.11.2 Obxectivos do profesorado para o curso

#### -Obxectivos acadados

Os establecidos na programación (Alejandro Alonso).

Todos (Noemí Concheiro, David Arroyos, Olalla Álvarez, Felipe González, Javier Abalde).

Os propostos na programación (Julio Álvarez).

Que todo o alumnado participase nas audicións públicas ao longo do curso (Nuria Campo).

Cumprir cos obxectivos establecidos para cada curso na programación (Nuria Campo).

#### -Obxectivos non acadados

Ningún (David Arroyos, Olalla Álvarez, Javier Abalde).

Traballo da memoria (Felipe González).



Nalgúns casos non foi posible realizar co pianista acompañante un mínimo de tres ensaios, xa que determinados alumnos/as tardaron moito tempo en ir a pedir cita ou faltaron a algúns ensaios (Nuria Campo).

Algúns alumnos/as non puideron realizar a audición pública co pianista acompañante durante o terceiro trimestre debido á carga de traballo que tivo que asumir a persoa substituta (Nuria Campo).

### 6.11.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

A eficiencia e profesionalidade do Equipo Directivo e da Xefa do noso departamento (Alejandro Alonso).

O alto nivel de organización e a profesionalidade do equipo directivo e dos conserxes (Noemí Concheiro).

Como aspectos a destacar que afectan á materia de óboe: a compra de partituras para a biblioteca (Olalla Álvarez).

A organización en xeral tanto deste Departamento como do Equipo Directivo (Julio Álvarez).

Cordialidade, boa organización. En xeral, impecable! (Felipe González).

Difusión da información (Nuria Campo).

Organización e planificación de actividades (Nuria Campo).

Boa comunicación entre o profesorado (Nuria Campo).

### 6.11.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Instalación de aire acondicionado portátil para evitar apertura de ventanas e manter un nivel mínimo de insonorización (Noemí Concheiro).

O fagot Schreiber necesita unha revisión xeral (David Arroyos).

Propoño como proposta de mellora para a aula de óboe mercar unha máquina para o raspado das cañas de óboe (Olalla Álvarez).



Tamén sería necesario a compra dun óboe profesional que non temos na aula (Olalla Álvarez).

Ningunha (Felipe González).

Mellorar na medida do posible as franxas horarias de audicións (Nuria Campo).

Reparación e mantemento dos instrumentos do centro (clarinete baixo e requinto) (Nuria Campo).

### **6.11.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento**

Audicións de Fagot no auditorio do Centro os días 18 de Decembro de 2018, 19 de febreiro de 2019 e 31 de maio de 2019 (David Arroyos).

Todos os alumnos participaron nas tres probas técnicas e nas audicións correspondentes (Julio Álvarez).

Realización de cursos, saídas formativas ou a eventos de interese e colaboración interdepartamental para a elaboración de actividades conxuntas (Javier Abalde).



## 6.12 Departamento de Vento Metal

### 6.12.1 Datos do alumnado

#### -Alumnado total do departamento

82 especialidades instrumentais. 21 materias optativas

#### -Alumnado por materia

Trompa: 23

1 (1ºGE), 1 (2ºGE), 2 (3º GE), 3 (4ºGE), 4 (1ºGP), 1 (2ºGP), 3 (3ºGP), 4 (4ºGP),  
 4 (5ºGP), 0 (6ºGP).

Alumnado de María del Pilar Simeó (15)

3 (1ºGE), 1 (2ºGE), 1 (3º GE), 1 (4ºGE), 2 (1ºGP), 3 (2ºGP), 0 (3ºGP), 1 (4ºGP),  
 1 (5ºGP), 2 (6ºGP).

Alumnado de Óscar Davila: (6)

0 (1ºGE), 0 (2ºGE), 1 (3º GE), 0 (4ºGE), 1 (1ºGP), 0 (2ºGP), 1 (3ºGP), 2 (4ºGP),  
 0 (5ºGP), 1 (6ºGP)

Alumnado de Sergio Noche: 3

1 (2º GP), 2 (6ºGP)

Trompeta: 23

2 (1ºGE), 2 (2ºGE), 1 (3º GE), 0 (4ºGE), 1 (1ºGP), 5 (2ºGP), 2 (3ºGP), 1 (4ºGP),  
 4 (5ºGP) 5 (6ºGP)

Alumnado de Luís González (19)

2 (1ºGE), 1 (2ºGE), 0 (3º GE), 0 (4ºGE), 1 (1ºGP), 5 (2ºGP), 2 (3ºGP), 1 (4ºGP),  
 3 (5ºGP) 4 (6ºGP)

Alumnado de Javier González (4)

1 (2ºGE), 1 (3ºGE), 1 (5ºGP), 1 (6ºGP)



Trombón: 17

2 (1ºGE), 2 (2ºGE), 2 (3ºGE), 1 (4ºGE), 3 (1ºGP), 0 (2ºGP), 2 (3ºGP), 0 (4ºGP) 2 (5ºGP), 3 (6ºGP)

Tuba: 19

3 (1ºGE), 1 (2ºGE), 2 (3ºGE), 3 (4ºGE), 1 (1ºGP), 3 (2ºGP), 1 (3ºGP), 2 (4ºGP), 1 (6ºGP).

Optativa: Conciencia Corporal E Equilibrio Tónico: 12 (6ºGP)

Optativa: Improvisación: 9 (6ºGP)

### 6.12.2 Obxectivos do profesorado para o curso

#### -Obxectivos acadados

Continuidade das Materias optativas : CONCIENCIA CORPORAL E EQUILIBRIO TÓNICO, impartida por Luís Juncal, e materia de Improvisación impartida por Antonio Rodríguez.

Avaliar e modificar as programacións didácticas.

Comunicar aos pianistas acompañantes os horarios das audicións e ter en conta as súas horas de clase de piano para que non as deban suprimir ou cambiar.

Realizar o Inventario das aulas.

Realizar unha audición trimestral do alumnado de Grado Elemental conxunta en trombón e bombardino.

Participación no “concerto en familia”, “no bico un cantar”, “TubaNadal”, recital do alumnado de 6º Curso de G.P. do departamento de Vento Metal e nos Premios Fin do Grao Profesional.

Revisar cos pianistas acompañantes a preparación das obras de cara as audicións.



Conciliar os horarios do alumnado coas materias teóricas e cos centros de ensino xeral para escoller horarios de audición e pianista acompañante.

Manter os instrumentos do centro en condicións axeitadas para o correcto uso.

### **-Obxectivos non acadados**

No currículo do grao profesional figura, tanto nos obxectivos como nos contidos, a “práctica de conxunto”. Sen embargo, non resulta coherente coa realidade, xa que na práctica non existe unha clase colectiva para poder levar a cabo este contido e outros relacionados con este obxectivo. Si queremos ser coherentes co currículo e mellorar a eficacia do noso ensino, sería imprescindible engadir unha clase colectiva de instrumento no grao profesional, e ademais, tamén sería lóxico e coherente que a clase colectiva que se imparte no grao elemental deixase de ser opcional e pasase a ser obrigatoria.

Utilización de partituras orixinais.

Realizar unha audición trimestral do alumnado de Grado Elemental conxunta de varios instrumentos. (só acadada en trombón–bombardino-tuba)

### **6.12.3 Aspectos s destacar no funcionamento xeral do centro**

As audicións trimestrais durante dúas ou tres semanas.

Seguimento do alumnado.

As xornadas de portas abertas.

As actividades programadas no auditorio. A organización e control dos tempos.

Actividades complementarias e extraescolares. (concerto no auditorio do Concello de Vigo).

### **6.12.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro**

C14. Modificar o mercar un gancho para pechar as ventanas que sexa cerrado, xa que o que temos e aberto e é moi complicado pechar e abrir as ventanas.



Aula C14 e B9. Mellorar a acústica e insonorización.

Aulas C15 e C14. Piano de parede para as aulas.

Aula B9. Reparación dun dos soportes de trombón.

Aula B9. Un equipo de audio ou uns alt falantes de maior calidade.

Para conseguir que o alumnado de tuba comence os seus primeiros cursos coa tuba e non co bombardino, necesítanse instrumentos adaptados para alumnado de 8 anos de idade. Recoméndase ter unha Tuba de pequenas dimensións no aula do Centro para estes casos. Tubas recomendadas:

BBb Travel Tuba (Tornister Tuba)"Mighty Gnome" TC160 ( <https://eu.wessex-tubas.com/products/bbb-travel-tuba-tornister-tuba-mighty-midget-tb160> )

CC Travel Tuba (Tornister Tuba) "Mighty Gnome" TC161 ( <https://eu.wessex-tubas.com/products/cc-travel-tuba-tornister-tuba-mighty-gnome-tc161> )

Instrumental: para fomentar o alumnado de trompa necesítase unha trompa de pequeno tamaño para o alumnado de 1ºGE, un trombón baixo, un piano en cada aula do departamento, e para explicar os instrumentos afíns: unha trompa natural, unha tuba wagneriana e un sousaphone.

Equipamento: sordinas e aparatos de respiración. Controlador de presión da boquilla.

Reservar o auditorio para as audicións do recital de fin de grado profesional do departamento de vento metal no mes de setembro para facer os recitais na primeira semana de maio, evitando así as ter ocupado o auditorio nesas datas de moita actividade.

Realizar concertos de divulgación dos instrumentos de vento metal nos centros de primaria próximos e nas escolas de música de Vigo (bandas). Necesidade dun tríptico con información do Centro (matriculas e probas) para repartir ao alumnado asistente.

Estratexias para motivar o estudo: Clase colectiva de instrumento. Ensaio con



piano de varios alumnos-as conxuntamente. Facer audicións de todo o alumnado do mesmo curso (1ºG.E tuba, trompeta, trombón, trompa), (2ºG.E tuba, trompeta, trombón, trompa).

Necesidade dun profesor de piano acompañante para trompeta e trombón con capacidades suficientes para poder afrontar e soste a carga de traballo que requiren estas materias.

Clase colectiva de instrumento no GE e no GP para poder realizar un dos contidos da programación, a práctica de conxunto. Hai dificultade para levalo a cabo debido a que no momento que se oferta esta materia, o alumnado xa escolleu os seus horarios e moitos non poden asistir por incompatibilidade dos horarios. Se o alumnado sabe cal é o horario de colectiva con mais antelación teñen mais posibilidades de organizar os horarios e se inscribírianse máis alumnos/as.

#### **6.12.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento**

Audicións trimestrais de grao elemental ca participación conxunta do alumnado de tuba, bombardino e trombón.

Asistencia a concertos dentro das instalacións do Conservatorio.

Audicións trimestrais do alumnado no Auditorio.

Recital de fin de grao do alumnado de 6º GP de trompa, trompeta, trombón, bombardino e tuba.

Participación no concerto “En Familia”.

Participación nas graduacións de fin de grao

TubaNadal 2018



## 7. Comisión de coordinación pedagóxica

---

### 7.1 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 1

1. Elección de novos coordinadores/as para o presente curso académico.
2. Informe da xefatura de estudos sobre a planificación e procedementos de xestión para o presente curso académico.

### 7.2 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 2

1. Aprobación, se procede, das actas anteriores.
2. Elección da secretaría do órgano de coordinación didáctica.
3. Seguimento do alumnado do mes de outubro.
4. Propostas para o Plan Anual de Formación do profesorado.
5. Rogos e preguntas.

### 7.3 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 3

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Seguimento do alumnado do mes de novembro.
3. Informe de matriculación excepcional en máis dun curso.
4. Rogos e preguntas.

### 7.4 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 4

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Seguimento do alumnado do mes de xaneiro.



3. Entrega, por parte da Coordinadora de Grao Elemental, do inventario dos departamentos para proceder á revisión anual.
4. Informe preliminar sobre vacantes de acceso a 1º GE e 1º GP para o vindeiro curso académico.
5. Rogos e preguntas.

### **7.5 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 5**

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Seguimento do alumnado do mes de febreiro.
3. Recollida, por parte da secretaria, do inventario dos departamentos.
4. Informe sobre vacantes de acceso a 1º GE e 1º GP para o vindeiro curso académico.
5. Rogos e preguntas.

### **7.6 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 6**

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Seguimento da programación do mes de abril.
3. Valoración dos Departamentos do sistema de audicións vixente.
4. Rogos e preguntas.

### **7.7 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 7**

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Matrículas de Honra do presente curso académico.
3. Conclusións finais dos Departamentos.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL  
Conservatorio Profesional de Música de Vigo



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Social Europeo  
*O FSE inviste no teu futuro*

**cmusVigo**  
Conservatorio Profesional de Música

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n  
36209 Vigo  
Tfno: 986213395 Fax: 986206131  
[cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es](mailto:cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es)

#### 4. Rogos e preguntas.



## 8. Equipo de dinamización da lingua galega

---

### 8.1 Obxectivos para o curso

Promover e organizar actividades que supoñan a participación da comunidade educativa co fin de incentivar o uso da lingua galega e por en valor o noso patrimonio.

Potenciar actos conxuntos con agrupacións e institucións da contorna.

Elaborar e enviar á Consellería o Proxecto de fomento do uso do Galego

Preparar, coordinar e levar a cabo as accións precisas para a conmemoración das Letras Galegas 2019 tales como: diseño de programas e cartelería, difusión e publicidade nas redes, elaboración de presuposto de gastos ou comunicación, recepción e atención ás necesidades técnicas e personais dos/as participantes.

#### 8.1.1 Obxectivos acadados

A participación da comunidade educativa nas distintas actividades foi satisfactoria.

No mes de maio concentráronse a maior parte dos actos con motivo da celebración das Letras Galegas e así, os/as integrantes do Club Enseñar realizaron unha mostra teatro-musical sobre as mulleres músicas; na homenaxe a Henrique Otero dedicada ás bandas de gaitas, quince alumnas e alumnos de GE e GP da especialidade de gaita actuaron no concerto compartindo repertorio co resto das agrupacións participantes; as especialidades de Canto e RTA fixeron un concerto conxunto de temática galega, no que incluíron composicións propias do alumnado; nos Concertos en Familia, subiron ao escenario catorce familias do alumnado de Óboe, Trompa, Bombardino, Piano, Clarinete, Gaita e Fruta traveseira; alumnado e profesorado de, piano, violín, chelo, gaita galega, fruta traveseira, conxunto de metais, coro infantil e coro de GP, participaron activamente no concerto- homenaxe a Josefa Estarque.



A relación do EDLG cos grupos da contorna quedou de manifesto coa participación da Banda de Gaitas Raigames de Vigo, AFC Breogán de Moaña, Cans de Palleiro de Bembrive e o grupo Folk Diapente da ETRAD de Vigo que xa programan as súas axendas anuais contando coa Semana da Música e das Letras Galegas do CMUS Profesional de Vigo.

Todas as actividades foron difundidas diariamente nas redes sociais e na páxina Web do centro. Así mesmo foron publicitadas con cartelería en distintos establecementos, centros educativos, culturais, etc.

### 8.1.2 Obxectivos non acadados

A porcentaxe de alumnado e profesorado entre o público asistente aos actos continúa a ser baixa.

## 8.2 Aspectos positivos a destacar

A colaboración e participación do profesorado, alumnado e as súas familias así como das agrupacións de Vigo, Bembrive e Moaña.

O número de persoas asistentes como público foi satisfactorio.

## 8.3 Propostas de mellora

Continuar aumentando a presenza do EDLG nas redes sociais

## 8.4 Actividades realizadas

Xoves 25 de abril Concerto de piano. Alejo Amoedo. "Música para piano de compositores galegos dos séculos XIX e XX: do salón aristocrático e burgués ao café concertó".

Venres 10 de maio de 17:00 a 18 Concerto do CLUB ENXEÑAR e de 20:00 a 21:30 h IV Homenaxe Henrique Otero.

Luns 13 de maio de 20:00h a 21h Concerto CANTO e RTA.



Martes 14 de maio de 20:00h a 21:30 VI Día da Música Galega: piano. Bautizo  
aula e Concerto-homenaxe a Josefa Estarque.

Mércores 15 de maio de 20:00h a 21:30h IV Concertos en familia.

Xoves 16 de maio de 20:00h a 21:30 h Concerto ETRAD Vigo.



## 9. Equipo de actividades culturais e de promoción das ensinanzas

---

### 9.1 Obxectivos para o curso (3º trimestre)

Organizar as actividades a realizar con tempo suficiente:

- Graduación de 4º GE
- Graduación de 6º GP
- Vídeo de despedida do curso.

Establecer mecanismos de mellora para facer difusión de todas as actividades que se realizan no Conservatorio.

Realizar as tarefas asignadas de forma eficaz.

Idear novas actividades para este curso académico.

#### 9.1.1.1 Obxectivos acadados

Todos.

#### 9.1.1.2 Obxectivos non acadados

Ningún.

### 9.2 Aspectos positivos a destacar

Moita implicación por parte de todos/as os compoñentes do equipo de actividades nas actividades e tarefas a realizar.

### 9.3 Propostas de mellora

Máis participación e interrelación cos diferentes departamentos.

Organizar as actividades tendo en conta a toda a comunidade educativa.

Cartelería do auditorio máis chamativa e clara.



Publicitar todos os actos en redes sociais e en prensa.

## **9.4 Actividades realizadas**

Antonio Rodríguez e David Arroyos fan o vídeo de despedida do curso que xa temos nas redes.

Estamos a organizar as graduacións. A de 4º de GE será o 12 de xuño e a de 6º de Gp o día 14.

O presentador será Ángel A. Montes Abalde, a madriña de 4º de GE, Rosa Mª Gayoso, o padriño de 6º GP, Xosé Luis Miguélez.

Entón, ademais de facer a elección de padriños entre o alumnado e buscar un presentador, falamos coa Anpa para que interveña e ofrezca uns aperitivos, organizamos as fotos e facemos os guións dos actos coas diferentes intervencións musicais e orais e confeccionamos os diplomas para entregar ao alumnado en recordo.

Almacenamento das gravacións realizadas das actividades organizadas polo Equipo de Actividades.

## **9.5 Tarefas realizadas polos membros do EA (3º trimestre do curso 2018/19)**

### **9.5.1 Cecilia Blanco Formoso.**

Xestión de entradas gratis nos concertos de cámara organizados pola Sociedade Filarmónica de Vigo.

Publicacións nas redes sociais.

Organización das graduacións.

Clasificación de prensa.

Propostas para un bo funcionamento dos concertos e para mellorar a asistencia de público.



Asistencia ás reunións convocadas.

### 9.5.2 David Arroyos Juan.

Control de aspectos a mellorar no desenvolvemento dos concertos. Balance das actividades realizadas o curso pasado e propostas de mellora.

Propostas para a mellora da asistencia de público aos concertos.

Colaboración na organización das graduacións: diplomas.

Vídeo de despedida do curso.

Xestión orzamento da cámara fotográfica.

Memoria fotográfica 2018/19.

Revisar taboleiros do alumnado.

Ordenar despacho actividades.

Memoria das notas de prensa do Conservatorio Profesional de Música de Vigo.

Asistencia ás reunións convocadas.

### 9.5.3 Antonio Rodríguez Iborra.

Descarga dos arquivos da cámara de vídeo, da cámara de fotos e da gravadora de audio, despois de cada evento.

Traballos finalizados: Concerto de Nadal, vídeo de celebración e do Concerto de Entroido, vídeo de despedida do curso.

Edición de vídeo, sincronización audio/vídeo, ecualización e masterización do audio, renderización...

You Tube: subida de vídeo, engadir comentario, engadir tags, ordenar por concertos.

Sound Cloud: subida de audios ordenados por PlayList, engadir comentario, engadir tags e engadir imaxe de miniatura.



Publicar en redes sociais (Facebook, Google+ e Twitter).

Ordenar (Audio, Vídeo e Fotos) no disco duro do Estudo de Gravación.

Copia de seguridade no disco duro da sala do Equipo de Actividades.

Asistencia a todas as reunións do Equipo de Actividades.

Ordenar o estudo de gravación.



## 10. Coordinación do grao elemental

---

### 10.1 Obxectivos para o curso

Atender ás necesidades que poidan xurdir nos Departamentos con respecto ao alumnado do grao elemental.

Supervisar semanalmente as titorías solicitadas ao profesorado.

Xestionar o préstamo instrumental, externo e interno.

Revisar e actualizar o libro de afinacións dos pianos.

Organizar e presentar a charla de acollida ao alumnado do 1º curso do grao elemental.

Establecer e organizar os reforzos de linguaxe musical.

Preparar a actividade “Coñece o noso conservatorio; coñece o teu conservatorio”.

Realizar o acollemento ao profesorado que se incorpora ao centro.

Planificar as sesións de Avaliación xunto ao Xefe de Estudos.

Organizar e presentar a sesión informativa para os aspirantes da proba de acceso a 1º curso de Grao Elemental e a 1º curso de Grao Profesional.

#### 10.1.1 Obxectivos acadados

Todos.

#### 10.1.2 Obxectivos non acadados

Ningún.

### 10.2 Aspectos positivos a destacar

Comunicación constante, axuda e apoio do Equipo Directivo.



### 10.3 Propostas de mellora

Mellorar a acción titorial do profesorado, aumentando a comunicación interdepartamental.

### 10.4 Actividades realizadas

Revisión e supervisión do rexistro de avisos de titorías ao profesorado. Realizáronse un total de 103 titorías entre os meses de outubro e maio.

Xestión do préstamo instrumental, tanto externo como interno. Tramitáronse seis préstamos externos, tres de Contrabaixo e tres de Fagot.

Revisión dos libros de afinacións dos últimos cursos e realización dun novo libro de rexistro de afinacións. Realizáronse entre setembro e xuño 45 afinacións a pianos verticais, 34 afinacións a pianos de cola, 15 afinacións ao piano do auditorio, así como diversos arranxos de cordas, martelos e apagadores.

Organización dos reforzos de linguaxe musical, ofertando 5,5 horas para tal fin repartidas para os distintos cursos de LM.

Posta en funcionamento da xornada de portas abertas “Coñece o noso conservatorio; coñece o teu conservatorio”. Actividade dirixida ao futuro alumnado do centro que ten intención de facer as probas de acceso ao 1º curso do grao elemental. Houbo unha participación de 84 nenos e nenas, distribuídos en 19 quendas de dúas sesións cada unha (as sesións tiveron duración dunha hora).

Elaboración conxunta co xefe de estudos do seguimento das avaliacións dos cursos de grao elemental e grao profesional. Revisáronse os casos de alumnado con moitas ou todas as materias suspensas, casos de mal comportamento e perdas de avaliación continua.

Revisión da guía do alumnado.

Realización das sesións de acollemento ao profesorado de nova incorporación nas que se tratan os seguintes aspectos: documentación, instalacións, sistema



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL  
Conservatorio Profesional de Música de Vigo



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Social Europeo  
*O FSE inviste no teu futuro*

cmus **Vigo**  
Conservatorio Profesional de Música

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n  
36209 Vigo  
Tfno: 986213395 Fax: 986206131  
[cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es](mailto:cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es)

de entrega de claves de aulas, horario, gardas, axenda, calendario, convocatorias e reunións, función titorial, actividades, funcionamento do parking e entrega da enquisa de acollemento.

Organización e presentación a xornada informativa aos aspirantes á proba de acceso a 1ºGE e 1ºGP na que se tratan os seguintes aspectos. Documentación necesaria para as probas, contidos, prazos de inscrición, resolución de dúbidas.

Apoio constante ao xefe de estudos na resolución de problemas do profesorado, alumnado e familias.

Aportación á axenda do profesorado dun resumo recordatorio das actividades do titor/a.



## 11. Coordinación das tecnoloxías da información e comunicación

---

Non figura, por atoparse en situación de licencia por estudos e baixa posterior o coordinador TIC.



## 12. Coordinación da biblioteca

---

### 12.1 Obxectivos para o curso

Realizar unha depuración dos números de rexistro erróneos adxudicados a material rexistrado en anos precedentes, eliminar as duplicidades e corrixir as catalogacións defectuosas, que están a provocar erros no sistema informático, sobre todo á hora das buscas.

Recuperar o material que figura como emprestado e que superou amplamente o prazo de devolución.

Recatalogar e reordenar o material de audio. A catalogación deste material desapareceu cos problemas informáticos do curso pasado, e a súa ordenación é pouco clara e non facilita a localización dalgún título concreto.

Aumentar no máximo posible as horas nas que está dispoñible o préstamo.

Afianzar as novas dinámicas de uso da biblioteca, referidas sobre todo ás vitrinas que conteñen o material para préstamo, ao rexistro do material entrante e saínte e ao uso apropiado dos ordenadores.

Reordenar os andeis dos libros de literatura, e colocar esquemas organizativos de cara a mellorar a experiencia dos lectores á hora de buscar libros de literatura.

Manter o material ordenado.

Dinamizar a biblioteca como un espazo multiusos no que se poidan programar actividades puntuais, dado o material para a reprodución de audio e video existente, é un lugar idóneo para poder facer proxeccións, escoita de música...

Coordinar e catalogar os pedidos de novo material dos departamentos grupais, adquiridos cos fondos do Plambe.

Deseñar e colocar pictogramas que faciliten a inclusión na biblioteca substituíndo á actual cartelería que é pouco clara, así como colocar un esquema xeral da biblioteca



### 12.1.1 Obxectivos acadados

Realizouse parcialmente a depuración dos números de rexistro erróneos adxudicados a material rexistrado en anos precedentes, elimináronse parcialmente as duplicidades e correxíronse parcialmente as catalogacións defectuosas, que estaban a provocar erros no sistema informático, sobre todo á hora das buscas.

Recuperáronse o material que figuraba como emprestado e que superara amplamente o prazo de devolución.

Recatalogáronse parcialmente e reordenouse o material de audio.

Aumentáronse ao máximo posible as horas nas que está dispoñible o préstamo.

Afianzáronse as novas dinámicas de uso da biblioteca, referidas sobre todo ás vitrinas que conteñen o material para préstamo, ao rexistro do material entrante e saínte e ao uso apropiado dos ordenadores.

Mantívose o material ordenado, sobre todo gracias á nova asignación consensuada co ED e entre tódalas partes implicadas, de dous profesores de garda que adican unha hora semanal a devandita tarefa.

Dinamizáronse na medida do posible a biblioteca como un espazo multiusos no que se programaron actividades puntuais específicas.

Coordináronse e catalogáronse os pedidos de novo material dos departamentos grupais, adquiridos cos fondos do Plambe.

Deseñáronse e colocáronse pictogramas que facilitan a inclusión na biblioteca substituíndo á anterior cartelería que era pouco clara.

### 12.1.2 Obxectivos non acadados

Realizouse parcialmente a depuración dos números de rexistro erróneos, elimináronse parcialmente as duplicidades e correxíronse parcialmente as catalogacións defectuosas, xa que esta é unha labor moi extensa que continuará



o próximo curso.

Recatalogouse parcialmente o material de audio, quedando material pendiente para o próximo curso.

Non se reordenaron os andeis dos libros de literatura, e non se colocaron os esquemas organizativos desta sección da biblioteca por falta de tempo.

Non se colocou un esquema xeral da biblioteca, porque considerouse que non era necesario dadas as pequenas dimensións da biblioteca.

## 12.2 Aspectos positivos a destacar

Un ano máis continúa o Club de Lectura Enxeñar, a cargo de Gloria Rodríguez, con boa implicación e moi bos resultados.

Traballo positivo e colaboración por parte dos profesores con garda de biblioteca, e especialmente polo Equipo de Bilioteca.

Contouse con dous profesores de garda, cunha hora semanal adicada exclusivamente a manter ordenado o material da biblioteca.

O cambio nas dinámicas de uso e xa unha realidade, deixando total rexistro do material que entra e sae da biblioteca, ben sexa ao alumnado ou ao profesorado, (feito que se facía pero con pouca rigurosidade) e goza da implicación da comunidade escolar.

Aumentáronse ao máximo as horas ás que está dispoñible o préstamo, logrando a implicación de todo o profesorado con garda de biblioteca, permitindo así facer empréstitos durante todo a franxa horaria.

Colaboración por parte da ANPA do conservatorio no deseño dos pictogramas e no acto de inauguración dos mesmos.

Instalouse o programa Jaws nun dos ordenadores para o seu uso por parte de alumnado invidente.



## 12.3 Propostas de mellora

No vindeiro curso 2019-2020 tentaremos continuar na mesma liña que o presente e ademáis adicar máis esforzos á realización de actividades na Biblioteca, xa que as ideas son abundantes, pero o tempo limitado. Adicouse moito tempo a unha labor máis ben organizativa pero que resulta necesaria. De seguir nesta liña, estas tarefas organizativas co tempo serán menos laboriosas.

Tentar mellorar o sistema de pedido e catalogación de material para que sexa máis áxil. Buscaráanse novos colaboradores para a catalogación.

Reordenar os andeis dos libros de literatura, e colocar esquemas organizativos de cara a mellorar a experiencia dos lectores á hora de buscar libros de literatura. Actualizar o concepto da biblioteca de pais e nais que existe no hall da entrada.

Dinamizar o noso blog tanto con achegas internas como externas. Asignar encargado de tal tarefa a un membro do EB.

Facer charlas informativas para o profesorado atendendo as dúbidas do profesorado sobre os fondos ou sobre como buscar información.

Continuar co formato conferencia doutros anos prestando especial atención á mulleres na música e á música galega en colaboración co Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística do centro.

Propoñer ós profesores de análise a posibilidade de facer audicións comentadas, ben sexa polo profesor ou polos propios alumnos a través dos traballos que realizan para a asignatura.

Propor a adicación dalgunha semana a algunha efeméride.

Continuar co Club de Lectura Enxeñar.

## 12.4 Actividades realizadas

Inicio do curso: Visitas guiadas á biblioteca dos alumnos de nova incorporación



ao centro, 1º de GE e 1º de GP. Nestas visitas, o alumnado era informado de todo o relacionado coa mesma.

Reúnese o Club Enxeñar todos os venres ás 16 horas.

19 de Outubro: proxección da última representación teatral-musical do Club Enxeñar.

20 de Febreiro: taller de *coaching* “Actívate”. Impartido Sonia Rey, enfocado á xestión do estrés, e a xestión emocional.

20 de Marzo: taller de *coaching* “Actívate”. Impartido Sonia Rey, enfocado á xestión do estrés, e a xestión emocional.

8 de Abril: Acto de inauguración dos pictogramas. Conto musical organizado pola ANPA, “Unha fenda no muro”.



## **13. Memoria de xestión económica**

---

### **13.1 Orzamento anual**

Os criterios para a elaboración do orzamento anual do conservatorio e para a distribución dos ingresos entre as distintas partidas de gasto, son os seguintes:

1. Cubrir as necesidades básicas e mantemento do edificio.
2. Manter os instrumentos propios en bo estado.
3. Invertir en melloras do centro

### **13.2 Plan anual de ordenación e utilización do orzamento**

Figura na páxina seguinte.



CONCEPTOS	GASTOS 2018	ORZAMENTO 2019
<b>1. Arrendamentos</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>
<b>2. Reparacións, mantemento e conservación</b>	<b>-47.547,37 €</b>	<b>-40.381,18 €</b>
(20) Sistema de calefacción	-2.613,60 €	-2.613,60 €
(200) Mantemento calefacción (Termocalor)	-2.613,60 €	-2.613,60 €
(21) Fotocopiadoras	-4.883,05 €	-4.839,08 €
(210) Fotocopias conserxería (Nea Gatsa)	-1.843,39 €	-138,42 €
(211) Fotocopiadoras (Dismega)	-3.039,66 €	-4.700,66 €
(22) Ascensor	-2.590,73 €	-2.512,08 €
(220) Mantemento (Orona)	-2.512,08 €	-2.512,08 €
(221) Inspección reglamentaria (Enmacosa)	-78,65 €	0,00 €
(23) Xestión informática	0,00 €	0,00 €
(24) Mantemento centralita de incendios e alarma do edificio	-868,15 €	-1.496,29 €
(240) Centralita de incendios (Boel Seguridad, S.L.)	-217,80 €	-217,80 €
(241) Mantemento alarmas e sistemas extinción incendios (Sepronor)	-650,35 €	-1.278,49 €
(25) Mantemento de instrumentos	-8.177,55 €	-8.961,00 €
(250) Afinador (Blanco)	-8.052,55 €	-7.986,00 €
(251) Cordas	0,00 €	-250,00 €
(252) Percusión	0,00 €	-250,00 €
(253) Reparación instrumentos de corda	0,00 €	-200,00 €
(254) Reparación instrumentos de vento	-125,00 €	-275,00 €
(26) Mantemento do edificio	-23.620,53 €	-17.247,13 €
(260) Mantemento xeral	-5.449,02 €	-11.979,00 €
(261) Material mantemento xeral	-1.211,90 €	-1.700,00 €
(262) Electricistas	-12.163,53 €	-180,00 €
(263) Fiestras e portas	-451,69 €	-700,00 €
(264) Aparcadoiro	-684,86 €	-300,00 €
(265) Pintura Centro	-3.075,10 €	-1.600,00 €
(266) Mantemento equipos eléctricos	-584,43 €	-788,13 €
(27) Mantemento do xardín	-4.793,76 €	-2.712,00 €
(271) Mantemento xardín	-4.793,76 €	-2.712,00 €
(28) Outros mantementos da instalación non fixos	0,00 €	0,00 €
<b>3. Material de oficina</b>	<b>-3.435,73 €</b>	<b>-2.485,89 €</b>
(30) Material de oficina (incluído papel de fotocopias e funxibles...)	-3.435,73 €	-2.485,89 €
(301) Material oficina	-1.523,93 €	-1.523,93 €
(302) Imprentas/Encademacións	-1.214,84 €	-265,00 €
(303) Impresos oficiais (Gráficas Numancia)	-696,96 €	-696,96 €
<b>4. Subministracións</b>	<b>-30.715,93 €</b>	<b>-31.348,65 €</b>
(40) Luz	-16.471,43 €	-16.471,43 €
(400) Electricidade (Gas natural)	-16.471,43 €	-16.471,43 €
(41) Auga	-1.692,60 €	-1.692,60 €
(410) Aqualia	-966,60 €	-966,60 €
(411) Fonte de auga	-726,00 €	-726,00 €
(42) Limpeza	-4.629,11 €	-4.684,62 €
(420) Productos de limpeza (Darlim)	-2.644,88 €	-2.644,88 €
(421) Alfombras, contedores hixiénicos, ambientadores, ozonizadores (Rentokil)	-1.171,22 €	-1.171,22 €
(422) Limpeza cristales entrada (Limpiezas Azul)	-610,61 €	-666,12 €
(423) Destrucción de documentos (Integral Data)	-202,40 €	-202,40 €
(43) Gas	-7.922,79 €	-8.500,00 €
(430) Gas (Gas natural)	-7.922,79 €	-8.500,00 €



<b>5. Comunicaci3ns</b>	<b>-1.877,54 €</b>	<b>-1.877,54 €</b>
(50) Centralitas e liñas telef3nicas e de internet	-1.877,54 €	-1.877,54 €
(500) Aplicaci3n Centros-Net	-441,65 €	-441,65 €
(501) R	-1.435,89 €	-1.435,89 €
<b>6. Transporte</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>
	0,00 €	0,00 €
<b>7. Traballos realizados por outras empresas</b>	<b>-3.448,50 €</b>	<b>-3.630,00 €</b>
(70) Auditorías e outros	-3.448,50 €	-3.630,00 €
(700) Auditoría externa (AENOR)	-1.028,50 €	0,00 €
(701) Concurso Intercentros Mel3mano	-2.420,00 €	0,00 €
(702) Plan de autoprotecci3n (Preventecnia)	-	-3.630,00 €
<b>8. Primas de seguro</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>
<b>9. Tributos</b>	<b>-821,10 €</b>	<b>-821,10 €</b>
(90) Tributos	-821,10 €	-821,10 €
(900) Lixo Concello de Vigo	-521,70 €	-521,70 €
(901) Imposto entrada de vehículos	-299,40 €	-299,40 €
<b>10. Axudas de custo e locomoci3n</b>	<b>-959,19 €</b>	<b>-684,19 €</b>
(100) Axudas de custo e locomoci3n	-959,19 €	-684,19 €
(1000) Axudas de custo e locomoci3n	-959,19 €	-684,19 €
<b>11. Gastos diversos</b>	<b>-7.843,00 €</b>	<b>-7.361,24 €</b>
(110) Gastos diversos	-7.843,00 €	-7.361,24 €
(1101) Audici3ns do centro	0,00 €	0,00 €
(1102) Concertos m3sicos alleos ao centro	0,00 €	0,00 €
(1103) Cafeterías	-320,50 €	-220,50 €
(1104) Orientaci3n	0,00 €	0,00 €
(1105) Ciclo de concertos CMUS Vigo	-900,00 €	0,00 €
(1106) Polítca Ling3stica	-441,00 €	0,00 €
(1107) Partida finalista (Club Enxeñar)	-891,10 €	-500,00 €
(1108) Partidas finalistas (Plan de mellora de Biblioteca)	-1.300,00 €	-4.000,00 €
(1109) Subscripci3ns	-140,74 €	-140,74 €
(1110) Outros gastos e tarxeta prepago	-3.849,66 €	-2.500,00 €
<b>12. Mobiliario e utensilios inventariables</b>	<b>-497,31 €</b>	<b>-2.500,00 €</b>
(120) Mobiliario e utensilios inventariables	-497,31 €	-2.500,00 €
(1200) Mobiliario	0,00 €	0,00 €
(1201) Biblioteca	0,00 €	0,00 €
(1202) Ordenadores e tecnoloxía	-497,31 €	-2.500,00 €
<b>13. Outros materiais inventariables</b>	<b>-612,90 €</b>	<b>-5.979,21 €</b>
(130) Outros materiais inventariables	-612,90 €	-5.979,21 €
(1300) Ópera Prima	-612,90 €	-5.979,21 €
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>-97.758,57 €</b>	<b>-97.069,00 €</b>
Gastos funcionamento	89.758,00 €	92.569,00 €
Partidas finalistas y otros	8.869,50 €	4.500,00 €
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>98.627,50 €</b>	
Remanente	25.369,47 €	



### 13.3 Medidas para a conservación e renovación das instalacións e do equipamento

Seguimento do plan de mantemento.

### 13.4 Criterios para a obtención de recursos complementarios

Para a obtención de recursos complementarios os coordinadores do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, da Biblioteca e do Plan lector elaboraron diferentes proxectos. Este foron enviados á CEUFP acadando as seguintes partidas finalistas:

433,00 € para o EDLG

1.300,00 € do Plambe

500,00 € do Plan Lector (Club Enxeñar)

Ademáis, en xaneiro de 2019, ingresaron 4.000,00 € do Plan LIA para destinalos a dotar a Biblioteca de mais recursos.

### 13.5 Procedementos para a elaboración e actualización anual do inventario xeral

O inventario xeral do Conservatorio actualízase anualmente a través dos diferentes departamentos. No mes de xaneiro pídese aos xefes de departamento que revisen todo o material das aulas para a comprobación do mesmo e nas memorias finais de departamento inclúense as propostas de mellora de material para, durante o verán, estudar as posibles solucións. No ano 2018 realizáronse as seguintes compras, reparacións e melloras:

Reparacións e mantemento de instrumentos: corno inglés,  
trompa, saxofón barítono, frauta en sol **215,00 €**



Adquisición de instrumental novo: banqueta neumática Guil piano auditorio, pandeireta Grover, Güiro LP243, castañuelas, fundas de percusión, parche timbal Remo 34, compra de aceites para vento metal, resinas para corda, xogos de cordas, soporte caixa xorda. 1.058,00 €

Informática: auriculares biblioteca, teléfonos inalámbricos, reparación portátil Antonio Rodríguez Iborra, reparación ordenador CGE, tarxetas SD, memorias USB, nova fotocopiadora conserxería. 2.205,91 €

Melloras e mantemento do centro:

Compra de bombillas	157,75 €
Reparación tellado e goteiras entrada auditorio	2.057,00 €
Mantemento centro de transformación	584,43 €
Fiestras e portas	451,69 €
Mural exterior	300,00 €
Cambio das luminarias da 1ª e 2ª planta do Centro a LED	12.163,53 €
Pintar todos os corredores e numerosas aulas	3.075,10 €
Pintura do aparcadoiro e reparacións da barreira	684,86 €
Poda das árbores do xardín (primeira poda en 15 anos)	2.081,20 €
Varios: Chapas do CMUS, Gorras No bico un cantar, Polos EA	306,73 €
VII Ciclo de concertos + programas de man	1.305,35 €
<b>Total = 26.646,55 €</b>	



## 13.6 Criterios para unha xestión sustentable dos recursos e dos residuos

No Conservatorio lévanse a cabo diferentes medidas para unha xestión sustentable dos recursos e dos residuos:

- Destrucción documentos (Integral Data)
- Contenedores hixiénicos (Rentokil)
- Reciclaxe papel (contedores)
- Bombillas (que se levan ao punto limpo da cidade por ser altamente contaminantes)
- Tóner das diferentes fotocopiadoras (as empresas responsables recollen os baileiros)
- Pilas (contenedores)

## 13.7 Outros aspectos

Cabe destacar a substitución das luminarias de todo o Centro por LED, mellorando considerablemente a calidade lumínica nas aulas e producindo un importante aforro na factura da luz que estamos a comprobar dende o verán.



## 14. Memoria da sección bilingüe

---

### 14.1 Obxectivos para o curso

Familiarizarse coa sonoridade do idioma

Incrementar o uso do idioma nas intervencións na clase.

Utilizar con fluidez os cifrados americanos tanto para leer como para improvisar.

Manexar o vocabulario específico.

Plantexar a posibilidade de expresarse en inglés para presentar traballos en público.

Utilizar como modelo de traballo nos aspectos musicáis as diferencias entre traducir literalmente e interpretar no relativo ós idiomas.

#### 14.1.1 Obxectivos acadados

Asimilación da sonoridade do idioma

O incremento por parte do alumnado do uso do idioma nas intervencións na clase.

Certo traballo específico sobre a posta en escea de traballos presentados en inglés(audicións)

Asimilación de conceptos relativos a redución de partituras de diversas formacións musicáis tendo en conta as diferencias relativas á tradución literal con respecto ó traballo de adaptación a un novo idioma.

Manexo do vocabulario propio das especialidades incluídas na sección.

#### 14.1.2 Obxectivos non acadados

O uso do idioma como lingua vehicular na clase aínda non está conquerido absolutamente, fluctuando entre o inglés e o castelán-galego con frecuencia.



## 14.2 Aspectos positivos a destacar

O nivel de concentración dos alumnos resulta moi incrementado cando facemos a clase en inglés, mellorando non só o idioma senon a calidade do traballo musical.

Conceptos como traballar a redución e adaptación de partituras de diverso formato a escritura pianística atopan nas similitudes do traballo con distintos idiomas unha ferramenta poderosa e que facilita o entendemento dos conceptos por parte do alumnado.

O uso dos cifrados americanos redunda no interese do alumnado dado que moita da música que escoitan os utiliza e aplican non só no entorno regado senon nun aspecto máis lúdico o que aprenden nas clases recibindo un estímulo moi positivo.

Outro aspecto positivo é o incentivo que supón para o alumnado que non cursa con bilingüismo o feito de escoitar ó alumnado que sí recibe clases en inglés. A influencia é tan positiva que chegan a pedir que teñamos a clase en inglés e de feito temos celebrado varias sesións en código bilíngüe por exemplo en materias coma Linguaxe musical e Educación Audiiva con éxito e a petición do propio alumnado.

## 14.3 Propostas de mellora

Propor e coordinar dende principio de curso unha actividade conxunta na que a lingua vehicular sexa o inglés, con formato de audición por exemplo.

Realizar unha formación para mellorar o coñecemento do vocabulario especificamente musical e actualizalo.

Iniciar o plantexamento dunha actividade de intercambio ou inmersión lingüística.

## 14.4 Actividades realizadas

Audicións das distintas materias das seccións bilíngües.



## 15. Memoria da ANPA

---

### 15.1 Obxectivos para o curso

Renovar a Xunta Directiva da ANPA para asegurar a súa continuidade.

Dinamizar a ANPA.

Realizar reunións periódicas co Equipo Directivo do centro.

Aumentar o número de socios ata chegar a 100 familias asociadas.

Colaborar nas actividades organizadas no centro.

Difundir as actividades organizadas no centro nas redes sociais e por email.

Realizar actividades coas familias.

#### 15.1.1 1.1.1 Obxectivos acadados

Dos obxectivos anteriores acadáronse o 1, 3, 5 e 6.

#### 15.1.2 1.1.2 Obxectivos non acadados

Dinamización da ANPA: mantense como obxectivo para o vindeiro curso.

Aumentar o número de socios: neste ano quedamos nos 80 socios, bastante lonxe do obxectivo proposto (chegar a 100).

Realizar actividades coas familias: presentouse unha proposta ó Consello Escolar para realizar un conto de Nadal con alumnos e familias, rexeitándose esta proposta cun único voto a favor, o da representante de nais e pais.

### 15.2 Aspectos positivos a destacar

A renovación da Xunta Directiva da ANPA, evitando a súa desaparición.

A colaboración co Equipo de Biblioteca para a sinalización deste espazo con pictogramas.



### 15.3 Propostas de mellora

Presentar ó Equipo Directivo unha programación anual da ANPA que permita acadar unha maior participación das familias e un aumento no número de socios.

### 15.4 Actividades realizadas

Participación no Nadal e Entroido coa venda de camisetas e reparto de bombóns e orellas.

Aportación de 5€ a cada socio de 5º GP que asistiu ó ballet Cascanueces na saída organizada pola profesora de Hª da Música.

Merenda para o alumnado participante no coro do Curso de dirección de coros adolescentes.

Colaboración co Equipo de Biblioteca para a sinalización deste espazo con pictogramas: elaboración dos pictogramas e representación dun conto con música na Biblioteca para a inauguración das sinalizacións.

Participación nos dous actos de graduación: no GE intervención dun representante da ANPA, entrega de agasallo e merenda. No GP intervención dun representante da ANPA e agasallo.